

MPN/mag

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN MUNICIPAL, COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA E COHESIÓN SOCIAL DO DÍA 19/11/2021

ASISTENTES

PRESIDENTE:	D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
SUPLENTE	D ^a . Olga María García Ballesteros
VOGAIS:	D. Carlos López Font, en substitución de D ^a . Ana María Mejías Sacaluga D. Gorka Gómez Díaz D ^a . Raquel Giráldez Armas D. Manuel González Martínez D. Gregorio Agís Gómez D ^a . Iria Lamas Salgueiro D. José Carlos López Campos D. Jorge Cubela López D. Miguel Domínguez Alfonso D ^a . María Paz Lago Martínez D. Ignacio Maril Pardo D. José Alfonso Marnotes González D. Javier Tourís Romero D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo D ^a . María Ortega Iñarrea, en substitución de D. Uxío Benítez Fernández

Sendo as doce horas e cinco minutos do día dezanove de novembro do ano dous mil vinte e un, reúnen-se no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Santos Héctor Rodríguez Díaz. Actúa como secretaria a Xefa do Servizo de Cooperación, D^a. Marina Piñeiro Novo.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ó estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

Apróbase a acta da sesión anterior correspondente á sesión extraordinaria celebrada o vinte e dous de outubro do ano dous mil vinte e un co voto favorable de todos os membros da Comisión.

2.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAIS, DE LECER E DE PROMOCIÓN DA CIDADE DE PONTEVEDRA” (expediente 2021052689)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta do seguinte informe sobre o convenio de colaboración tramitado polo Servizo de Cooperación:

“ASUNTO.- INFORME SOBRE CONVENIO DE COLABORACIÓN TRAMITADO POLO SERVIZO DE COOPERACIÓN.

Dáse conta á Comisión Informativa de Cooperación do informe sobre a aprobación do convenio de colaboración tramitado desde o Servizo de Cooperación e que se relaciona a continuación.

CONVENIOS DE COLABORACIÓN		
DENOMINACIÓN	APROBACIÓN	EXPEDIENTE
CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAIS, DE LECER E DE PROMOCIÓN DA CIDADE DE PONTEVEDRA	Acordo Xunta de Goberno núm. 3.30909 de 29/10/2021	2021052689

O convenio referido ten por obxecto establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para o financiamento do desenvolvemento de actividades culturais, de lecer e promoción da cidade de Pontevedra, que tivo lugar nos meses de outubro, novembro e decembro de 2021.

O custe total da actividade ascende a 124.200,00€, que segundo o previsto na proposta de convenio será financiado cunha achega da Deputación de Pontevedra de 124.200,00€ no exercicio 2021.



No informe da intervención provincial de 26/10/2021 sobre o expediente de aprobación deste convenio dispónse que debía ser sometido ao ditame da correspondente comisión informativa, ou no caso de urxencia debidamente xustificada dar conta con posterioridade á citada comisión.

A última sesión da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social celebrouse o 22/10/2021, e a periodicidade das súas sesións é mensual. Dada a data na que se reuniu a Comisión Informativa e na que emitiu informe a Intervención Provincial resultou imposible incluír a aprobación do convenio na última sesión celebrada da Comisión Informativa no mes de outubro.

Por último a celebración das actividades culturais, de lecer e promoción da cidade de Pontevedra ten lugar nos meses de outubro, novembro e decembro de 2021 e así someter o expediente ó ditame previo da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperacións Transfronteiriza e Cohesión Social suporía un retraso na aprobación e sinatura do convenio que conlevaría que o mesmo entrase en vigor unha vez finalizadas algunhas das actividades obxecto do mesmo.

Exposta a urxencia debidamente motivada dáse conta á Comisión na súa primeira sesión dende a aprobación do convenio.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

*A Xefa do Servizo de Cooperación,
(documento asinado electronicamente)*

Asdo.: Marina Piñeiro Novo”

A Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social queda enterada da aprobación do convenio de colaboración referido “ut supra”.

3.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL "OUTONO LÍRICO 2021" ORGANIZADO POLA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA ÓPERA DE VIGO (2021029635)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta do seguinte informe sobre o convenio de colaboración tramitado polo Servizo de Cooperación:

“ASUNTO.- INFORME SOBRE CONVENIO DE COLABORACIÓN TRAMITADO POLO SERVIZO DE COOPERACIÓN.



Dáse conta á Comisión Informativa de Cooperación do informe sobre a aprobación do convenio de colaboración tramitado desde o Servizo de Cooperación e que se relaciona a continuación.

CONVENIOS DE COLABORACIÓN		
DENOMINACIÓN	APROBACIÓN	EXPEDIENTE
CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL "OUTONO LÍRICO 2021" ORGANIZADO POLA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA ÓPERA DE VIGO	Resolución Presidencial núm. 2021005704 de 30/09/2021	2021029635

O convenio referido ten por obxecto establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para o financiamento do "FESTIVAL OUTONO LÍRICO 2021", que tivo lugar nos meses de setembro, outubro e novembro de 2021 na cidade de Vigo.

O custe total da actividade ascende a 95.811,04€, que segundo o previsto na proposta de convenio será financiado cunha achega da Deputación de Pontevedra de 10.000,00€ no exercicio 2021.

No informe da intervención provincial de 29/09/2021 sobre o expediente de aprobación deste convenio dispónse que debía ser sometido ao ditame da correspondente comisión informativa, ou no caso de urxencia debidamente xustificada dar conta con posterioridade á citada comisión.

Por último a celebración do "XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO" tivo lugar nos meses de setembro, outubro e novembro e así someter o expediente ó ditame previo da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperacións Transfronteiriza e Cohesión Social suporía un retraso na aprobación e sinatura do convenio que conlevaría que o mesmo entrase en vigor unha vez finalizadas algunhas das actividades obxecto do mesmo.

Exposta a urxencia debidamente motivada dáse conta á Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A Xefa do Servizo de Cooperación,
(documento asinado electronicamente)

Asdo.: Marina Piñeiro Novo"

A Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social queda enterada da aprobación do convenio de colaboración referido "ut supra".



4.- DITAMINAR A APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2020 (expediente núm. 2021045372)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do R.D.2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, con carácter previo a súa elevación ante o Pleno, sométese ao Ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte proposta de acordo:

“Resultando que o Pleno da Deputación, na súa sesión de 29/11/2019 aprobou as Bases Reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020 (en adiante Plan Concellos 2020), que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 de 02 de xaneiro de 2020. Este plan elabórase para dar cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladoras da Bases do Réxime Local (LRBRL), e colaborar cos concellos na prestación integral dos servizos públicos segundo o seu tamaño e a súa poboación. Trátase, polo tanto, de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal, asegurando para o conxunto dos veciños unha prestación axeitada e íntegra dos servizos de competencia municipal.

Resultando que Plan Concellos ten por beneficiarios aos concellos da provincia de ata 50.000 habitantes, de modo que a colaboración cos concellos de máis de 50.000 habitantes, non beneficiarios deste Plan, instruméntase a través de convenios de colaboración coa correspondente asignación orzamentaria.

Resultando que Plan Concellos 2020 ten carácter anual e dotouse cun importe global de 42.200.000,00 euros, distribuídos en catro aplicacións orzamentarias:

- 1. 20/942.9425.762.45 Liña 1. Investimentos en obras e servizos de competencia municipal, dotadas con 29.700.000,00 euros.*
- 2. 20/942.9425.462.03. Liña 3. Emprego, dotada con 9.500.000,00 euros.*
- 3. 20/942.9425.462.00. Liña 2. Gastos derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos, etc.. dotada con 1.500.000,00 euros*
- 4. 20/942.9425.462.45. Liña 2. Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes, dotada con 1.500.000,00 euros.*

Resultando que a tramitación administrativa derivada da necesidade de obter as licenzas, os permisos e as autorizacións pertinentes esixidos para a execución dos investimentos subvencionados, así como os problemas que acontecen na súa execución están a dar lugar a retrasos no desenvolvemento dos investimentos, polo que se estima convinte estender o prazo de execución e consecuentemente tamén o de xustificación, co fin de garantir que os concellos dispoñan do tempo suficiente para xestionar a realización das actuacións subvencionadas cumprindo coas cautelas impostas pola normativa vixente.

Así mesmo, a experiencia destes últimos anos evidencia o notable incremento na complexidade da xestión destes expedientes que depende tanto do acerto das entidades



interesadas na presentación da documentación como da axilidade dos entes encargados da emisión das autorizacións sectoriais.

Por outra banda, debe terse en conta que os beneficiarios das axudas son principalmente os concellos de menos de 50.000 habitantes, e por tanto aqueles con maiores carencias en materia de capacidade económica e de xestión. A falta de persoal cualificado e a necesidade de recorrer a asistencias externas ten dilatado notablemente a súa tramitación.

Resultando que plan recolle na base 17ª e 19ª a posibilidade de modificación dos acordos e resolucións de concesión, cando concorran circunstancias excepcionais, e os reinvestmentos das baixas producidas na mesma obra ou noutra distinta, así como a tramitación de modificados de proxectos.

A propia natureza dos cambios de aplicación, que se producen de modo excepcional non podendo ser previstos na concesión, así como a tramitación de baixas das que non se pode dar conta ata a finalización do procedemento de xustificación do investimento primixenio, implican un horizonte temporal máis longo do que se pode prever na concesión orixinal. Estes casos supoñen unha tramitación administrativa idéntica ás concesións orixinais, polo que semella difícil que todas elas se podan realizar, executar e xustificar no prazo previsto inicialmente no plan.

Resultando que a sucesiva declaración dos estados de alarma por mor da crise sanitaria do COVID-19 produciu en síntese a paralización da meirande parte das actividades económicas, produtivas e administrativas, agás aquelas consideradas esenciais.

A declaración do primeiro estado de alarma, o 14 de marzo de 2020, coincidiu en pleno período de presentación de solicitudes de subvencións, que debería culminar o 03 de abril de 2020.

Nesta situación excepcional, mediante acordo do Pleno da Deputación de data 29 de maio de 2020, que se publicou no BOPPO núm. 103, de 01 de xuño de 2020, ampliouse o prazo de presentación de solicitudes ata o día 06 de xullo de 2020, o que estendeu o procedemento de concesión de subvencións máis aló do horizonte temporal previsto inicialmente. De feito, o procedemento de concesión de subvencións rematou a principios do presente exercicio o que acertou os prazos de execución e xustificación dos investimentos acollidos no Plan.

Igualmente, nesta situación os Concellos, se viron obrigados a readaptar a súa actividade para protexer en primeiro lugar a saúde e a seguridade da cidadanía. En consecuencia, a licitación e execución de moitos dos investimentos acollidos na liña 1 do Plan Concellos 2020 veuse relegada a prol das medidas de emerxencia e axuste de axudas aos sectores máis afectados pola situación pandémica.

Considerando que, a finalidade da Liña 1 do Plan Concellos 2020 é a axuda económica aos pequenos municipios para o financiamento de proxectos de obras e servizos, polo que a extinción da subvención e do programa, debe producirse no momento que se realizou a actuación que fundamentou a concesión da axuda.



O Plan Concellos estende a súa execución e xustificación con respecto á Liña1-Investmentos, incluídos aqueles que se produzan como consecuencia da aplicación das baixas, ata o 30/11/2021, segundo se sinala na Base 21ª, polo que debe entenderse que o plan está vixente na actualidade.

Neste contexto, circunstancias sobrevidas e imprevisibles de todos coñecidas, non imputables á debida dilixencia da Deputación e dos Concellos beneficiarios produciron a demora na execución do plan, polo que non se respecta o horizonte temporal previsto inicialmente. De acordo co artigo 8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), a xestión das subvencións debe acomodarse ao principio de eficacia no cumprimento das obxectivos fixados pola Administración outorgante. De non estenderse a súa vixencia podería ocasionar a execución incompleta e deficiente, que iría en detrimento dos fins perseguidos co Plan Concellos 2020.

Considerando que, de acordo co disposto nos artigos 182 do TRLRFL, e 34 e ss. do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, os créditos do Plan Concellos 2020 poderíanse incorporar ao orzamento de 2022, previa tramitación do correspondente expediente de incorporación de remanentes de crédito, unha vez aprobada a liquidación do orzamento xeral de 2021.

Considerando que, de conformidade co disposto na LRBRL, os plans de cooperación concíbense como un instrumento de acción pública, respectuoso co principio de autonomía, que ten por obxecto corrixir os desequilibrios municipais en materia de infraestruturas e equipamentos, axudando, aos concellos a dotarse da práctica totalidade dos servizos locais mínimos e obrigatorios recollidos no seu artigo 26. Por conseguinte, segundo establece a Disposición Adicional 8ª da LXS, as axudas que se outorgan ao abeiro destes plans réxense pola súa normativa específica, séndolles de aplicación supletoria as disposicións contidas en dita lei.

Considerando que, o procedemento de concesión das subvencións foi o de concorrencia non competitiva ao abeiro do artigo 22 da LXS. A ampliación dos prazos non afecta á asignación do crédito, de xeito que nin se vulnera o principio de igualdade recollido no artigo 8 da LXS, nin prexudica dereitos de terceiro. De conformidade cos artigos 17.3.i) e 30 da LXS as bases reguladoras recollen o prazo de xustificación das actuacións ao abeiro do plan, 31/11/2021.

Considerando que, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) prevé a ampliación de prazos, tanto de oficio como a petición dos interesados. De acordo co artigo 32 a ampliación poderá acordarse antes do vencemento do prazo a ampliar, se as circunstancias o aconsellan e non prexudica dereitos de terceiros, por un prazo que non exceda da metade do inicial. Así mesmo, o artigo 70 do Regulamento da LXS establece que salvo precepto en contrario nas bases reguladoras, o órgano concedente da subvención poderá acordar unha ampliación do prazo para a presentación da xustificación que non exceda a metade do mesmo. Para o cómputo dos prazos a ampliar tense en conta o prazo de que dispoñían os beneficiarios para ter e xustificadas as actuacións: dende a concesión das subvencións ata a o límite previsto nas bases, 30/11/2021.



Considerando que, o artigo 70 do Regulamento da LXS remite ás normas do procedemento administrativo común, que esixen a motivación da ampliación de prazos. Queda recollido no expediente a concorrencia das motivos que aconsellan a ampliación, derivada de circunstancias sobrevidas e imprevisibles, que calquera caso quedan fóra do control da Deputación como dos Concellos.

Considerando que, cumprindo o recollido en puntos anteriores, debería permitirse a aplicación dos créditos comprometidos dentro da Liña 1 do Plan Concellos 2020 ata o cumprimento das actuacións subvencionadas, sen exceder, en todo caso, a data de 31/08/2022, dado que as circunstancias así o aconsellan e con elo non se prexudican dereitos de terceiros.

Á vista dos antecedentes e considerandos expostos; en base á documentación relativa ao citado plan que obra no expediente; á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación, de data 02/11/2021, da intervención provincial, de data 05/11/2021, e da Secretaría xeral, de data 04/11/2021, no que se presta conformidade a proposta do servizo de cooperación; propóñese a adopción do seguinte acordo; de conformidade cos artigos 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 70 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

1º. PRORROGAR o prazo para solicitar as subvencións por reinvestimento de baixas ou cambios de finalidade, así como para as modificacións do contido dos acordos e resolucións xa recaídas, por mor de reformulacións de proxectos ou tramitación de modificados, ao abeiro da Liña1-Investmentos do Plan Concellos 2020, ata o 30/04/2022.

2º.- PRORROGAR o prazo de execución dos investimentos ao abeiro da Liña1-Investmentos do Plan Concellos 2020, ata o 31/07/2022.

3º.- PRORROGAR o prazo de xustificación dos investimentos ao abeiro da Liña1-Investmentos do Plan Concellos 2020, ata o 31/08/2022.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica
A xefa do Servizo de Cooperación Municipal,
(documento asinado electronicamente)
Marina Piñeiro Novo”

Sometido a votación, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina favorablemente este asunto por unanimidade, cos votos a favor dos deputados do Grupo Provincial do PSdG-PSOE (8), do Grupo Provincial do Partido Popular (7) e do Grupo Provincial do BNG (2)



5.- DITAMINAR A APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA) (expediente núm. 2021025615)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do R.D.2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, con carácter previo a súa elevación ante o Pleno, sométese ao Ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte proposta de acordo:

“PROPOSTA DE ACORDO

APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID 19.
– Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia) – expediente 2021025615

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 28/05/2021, aprobou as "Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-COVID-19. Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia)", publicadas no BOPPO núm. 102, do 1 de xuño de 2021, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

SEGUNDO.- De conformidade co sinalado nas bases Quinta e Sexta, o financiamento do Programa REACPON ascende a vinte millóns (20.000.000,00 €) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2021, imputable á aplicación orzamentaria 2021/942.9420.762.75.

Dada a limitación financeira do programa, o procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de 50.000 habitantes ou menos que presenten a correspondente solicitude, acompañada da documentación esixida nas bases.

Valoraranse os proxectos por orde decrecente de puntuación e asignaráselles ata o máximo financiamento posible por concello aos proxectos con maior puntuación ata esgotar os vinte millóns (20.000.000,00 €) de euros do programa. Esta asignación respectará en todo caso as porcentaxes de cofinanciamento establecidas.

Serán motivos de exclusión os recollidos na base Sexta apartado 6.1, entre outros, non acadar o 50% da puntuación total.

TERCEIRO.- Os obxectivos do Programa REACPON son:

- *Garantir dereitos e servizos, especialmente nas áreas de cuidados de menores, cultura,*



deporte e dinamización social.

- *Loitar contra o despoboamento fomentando a igualdade de oportunidades no ámbito rural e no urbano.*
- *Sostibilidade (eficiencia enerxética e enerxías limpas) no uso da auga, no saneamento e na enerxía dos servizos e das instalacións públicas.*
- *Conectividade e dixitalización para ser máis eficientes e eficaces na prestación de servizos.*
- *Accesibilidade no acceso a equipamentos, espazos e infraestruturas locais no medio rural.*

Entre as finalidades do programa sinálanse as seguintes:

- *Dinamizar a economía e colaborar na recuperación post-COVID-19*
- *Proporcionarlles aos concellos da provincia infraestruturas e dotacións de carácter singular, é dicir que dificilmente poderían afrontar con fondos propios ou co Plan Concellos*
- *Avanzar na consecución dos obxectivos 2030 e nas liñas mestras definidas para os fondos Next Generation*

Estes obxectivos e finalidades envólvense dentro dun marco estratéxico que aposta por impulsar un proceso de recuperación, transformación e resiliencia que teña moi presente a necesidade de promover a cohesión territorial a nivel de infraestruturas e servizos en toda a provincia.

Sen embargo, a cohesión territorial pode verse afectada polas limitacións orzamentarias que constriñen o marco de acción das administracións, polo que desde a Deputación de Pontevedra se pretende realizar de xeito extraordinario un esforzo económico adicional para destinar maiores recursos económicos ao Programa REACPON, de forma que as especiais demandas de investimentos que propoñen os concellos ao abeiro deste programa se poidan realizar adecuadamente e de maneira cohesionada en todo o territorio provincial.

Para elo, proponse unha modificación parcial das bases do Programa REACPON para suplementar o crédito en SEIS MILLÓNS TRESCENTOS TRINTA E CATRO MIL NOVECENTOS DEZAOITO EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (6.334.918,89 €), da maneira que segue:

- *Un suplemento de crédito de cinco millóns de euros, (5.000.000,00 €) na anualidade 2021, imputables contra a aplicación orzamentaria 2021/942.9420.762.75, mediante a concertación dunha operación de crédito, condicionado á súa aprobación e formalización.*
- *Un suplemento de crédito de un millón trescentos trinta e catro mil novecentos dezaoitoeuros con oitenta e nove céntimos (1.334.918,89 €), na anualidade 2022, imputables contra a aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2022/942.9420.762.75.2021, con cargo a remanentes e condicionado á aprobación do expediente corresponden.*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1º.- *As medidas adoptadas no marco do Programa REACPON pretenden estimular o proceso de recuperación, transformación e resiliencia tras a crise pandémica ocasionada pola COVID-19,*



tendo en conta a consecución dos retos estratéxicos establecidos polas organizacións mundiais e europeas, con especial mención da cohesión territorial como elemento vertebrador da provincia.

2º.- Segundo o disposto no artigo 31 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local, son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, e, en particular, asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal.

3º.- En virtude do establecido no artigo 36.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local, correspóndelle á Deputación a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Concellos, así como a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Por outra parte, o artigo 36.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local, correspóndelle á Deputación asegurar o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, as Deputacións ou entidades equivalentes poderán outorgar subvencións e axudas con cargo os seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

4º.- O artigo 9 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións establece que con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos nesta lei. Adicionalmente, o outorgamento dunha subvención debe cumprir, entre outros, co requisito da existencia de crédito adecuado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que se derivan da concesión da subvención.

O artigo 58 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, establece que a convocatoria das subvencións debe fixar necesariamente a contía máxima das subvencións convocadas e os créditos orzamentarios aos que se imputan, non podendo, en principio, outorgar subvencións na contía superior á mesma, salvo que se proceda a unha nova convocatoria. Non obstante, excepcionalmente, a propia convocatoria poderá fixar, ademais da contía total máxima, unha contía adicional cuxa aplicación á concesión non requirirá unha nova convocatoria nos casos en que se prevea dispoñer do financiamento preciso para cubrir dita contía antes da resolución da concesión e dito financiamento proveña, ademais, de sobrantes de convocatorias anteriores ou de xeracións, incorporacións ou ampliacións de crédito.

5º.- O crédito previsto inicialmente para financiar o Programa REACPON prevese insuficiente para atender a totalidade das solicitudes recibidas que cumpren as condicións de subvencionabilidade impostas, considerándose necesario e conveniente acudir á suplementación de crédito para permitir que as especiais demandas de investimentos que propoñen os concellos ao abeiro deste programa se poidan realizar adecuadamente e de maneira cohesionada en todo o territorio



provincial.

6º.- O artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sinala que cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e este sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o/a presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de suplemento de crédito.

7º.- A capacidade financeira da Deputación, tras o esforzo realizado nos últimos anos para conter o gasto e reducir a débeda, permite suplementar o crédito necesario para atender as necesidades expostas.

8º.- Proponse unha modificación parcial das bases reguladoras do Programa REACPON para suplementar o crédito nun total de SEIS MILLÓNS TRESCENTOS TRINTA E CATRO MIL NOVECENTOS DEZAOITO EUROS CON OITENTA E NOVE CENTIMOS (6.334.918,89 €), da maneira que segue:

- CINCO MILLÓNS de euros, (5.000.000,00 €) con cargo a un suplemento de crédito na anualidade 2021, imputables contra a aplicación orzamentaria 2021/942.9420.762.75, mediante a concertación dunha operación de crédito, condicionado á súa aprobación.
- UN MILLON TRESCENTOS TRINTA E CATRO MIL NOVECENTOS DEZAOITO EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.334.918,89 €), con cargo a un suplemento de crédito na anualidade 2022, imputables contra a aplicación orzamentaria que será, no seu caso, a 2022/942.9420.762.75.2021, con cargo a remanentes e condicionado á aprobación do expediente correspondente.

9º.- A modificación proposta non constitúe unha dispensa nin unha exención non permitida polas leis, senón que vai encamiñada a ampliar o financiamento destinado ó Programa REACPON, sen merma nin prexuízo dos dereitos de terceiros.

10º.- Dos antecedentes expostos, considérase acreditado o respecto aos principios establecidos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en canto ao exercicio da súa potestade regulamentaria conforme aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

A modificación supón unha medida eficaz e proporcional para afrontar con maior eficacia o cumprimento dos retos do Programa, é posible a súa integración de forma coherente no marco das bases inicialmente aprobadas, cumpre coa transparencia debida ao ter que publicarse a súa aprobación no boletín provincial e dota de eficiencia a un plan deseñado en circunstancias diferentes, en base ás razoables limitacións orzamentarias de cada momento.

11º.- Para a modificación das bases, de conformidade co disposto na base Segunda do Programa REACPON, en virtude da disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, rexerá o establecido nas súas propias bases, sendo de aplicación supletoria o establecido na Lei xeral de subvencións, é dicir que en virtude do disposto na base Terceira será o



Pleno o órgano competente para a súa aprobación, seguindo o mesmo criterio xurídico que para a súa aprobación inicial, debendo realizarse unha tramitación semellante en relación á necesidade de cumprimento de todos os requisitos de informes, procedemento administrativo e publicidade.

CONCLUSIÓN:

Polo exposto, propónse modificar as "Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-COVID-19. Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia)", para suplementar o crédito destinado ao seu financiamento nun total de SEIS MILLÓNS TRESCENTOS TRINTA E CATRO MIL NOVECENTOS DEZAOITO EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (6.334.918,89 €), da maneira que segue:

- *CINCO MILLÓNS de euros, (5.000.000,00 €) con cargo a un suplemento de crédito na anualidade 2021, imputables contra a aplicación orzamentaria 2021/942.9420.762.75, mediante a concertación dunha operación de crédito, condicionado á súa aprobación.*
- *UN MILLON TRESCENTOS TRINTA E CATRO MIL NOVECENTOS DEZAOITO EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.334.918,89 €), con cargo a un suplemento de crédito na anualidade 2022, imputables contra a aplicación orzamentaria que será, no seu caso, a 2022/942.9420.762.75.2021, con cargo a remanentes e condicionado á aprobación do expediente correspondente.*

En consecuencia, propónse modificar as bases Quinta e Sexta de maneira que quedará redactada co seguinte teor literal:

- *Na base Quinta, modifícase o importe e a imputación orzamentaria, condicionado á aprobación e entrada en vigor dos expedientes de suplemento de crédito que correspondan:*

"O financiamento do programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia) ascende a vinte e seis millóns trescentos trinta e catro mil novecentos dezaoto euros con oitenta e nove céntimos (26.334.918,89 €), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2021, dos cales:

- *Vinte millóns de euros (20.000.000,00 €) imputables á aplicación orzamentaria 2021/942.9420.762.75*
- *Cinco millóns de euros, (5.000.000,00 €) con cargo a un suplemento de crédito a tramitar na anualidade 2021, imputables contra a aplicación orzamentaria 2021/942.9420.762.75, mediante a concertación dunha operación de crédito, condicionado á súa aprobación.*
- *Un millón trescentos trinta e catro mil novecentos dezaoto euros con oitenta e nove céntimos (1.334.918,89 €), con cargo a un suplemento de crédito na anualidade 2022, imputables contra a aplicación orzamentaria que será, no seu caso, a 2022/942.9420.762.75.2021, con cargo a remanentes e condicionado á aprobación do expediente correspondente"*



- Na base Sexta, modifícase o importe:

"Valoraranse os proxectos por orde decrecente de puntuación e asignáraselles ata o máximo financiamento posible por concellos aos proxectos con maior puntuación ata esgotar os vinte e seis millóns trescentos trinta e catro mil novecentos dezaioito euros con oitenta e nove céntimos (26.334.918,89 €) do plan. Esta asignación respectará en todo caso as porcentaxes de cofinanciamento que se establecen máis arriba en función da poboación e do proxecto."

Vista toda a documentación que obra no expediente; vistos os informes da xefa do Servizo de Cooperación (CSV:EH46UCBZEE3YWNHS), da Secretaría Xeral (CSV:FX93H6NFKQAZIT4V) e da Intervención Provincial (CSV:8WK4XG7XMY6EQZH), e visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, o Pleno ACORDA por _____:

1º.- APROBAR a modificación das Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-COVID-19 – Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia) da maneira que segue:

- Na base Quinta, modifícase o importe e a imputación orzamentaria, condicionado á aprobación e entrada en vigor dos expedientes de suplemento de crédito que correspondan:

"O financiamento do programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia) ascende a vinte e seis millóns trescentos trinta e catro mil novecentos dezaioito euros con oitenta e nove céntimos (26.334.918,89 €), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2021, dos cales:

- *Vinte millóns de euros (20.000.000,00 €) imputables á aplicación orzamentaria 2021/942.9420.762.75*
- *Cinco millóns de euros, (5.000.000,00 €) con cargo a un suplemento de crédito a tramitar na anualidade 2021, imputables contra a aplicación orzamentaria 2021/942.9420.762.75, mediante a concertación dunha operación de crédito, condicionado á súa aprobación.*
- *Un millón trescentos trinta e catro mil novecentos dezaioito euros con oitenta e nove céntimos (1.334.918,89 €), con cargo a un suplemento de crédito na anualidade 2022, imputables contra a aplicación orzamentaria que será, no seu caso, a 2022/942.9420.762.75.2021, con cargo a remanentes e condicionado á aprobación do expediente correspondente"*

- Na base Sexta, modifícase o importe:

"Valoraranse os proxectos por orde decrecente de puntuación e asignáraselles ata o máximo financiamento posible por concellos aos proxectos con maior puntuación ata esgotar os vinte e seis millóns trescentos trinta e catro mil novecentos dezaioito euros con oitenta e nove céntimos (26.334.918,89 €) do plan. Esta asignación respectará en todo caso as porcentaxes de



cofinanciamento que se establecen máis arriba en función da poboación e do proxecto.”

2º.- Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

Conforme:

A Xefa do Servizo de Cooperación

O Deputado de Cooperación Municipal

(documento asinado electronicamente)

(documento asinado electronicamente)

Asdo.: Marina Piñeiro Novo

Santos Hector Rodríguez Díaz”

Sometido a votación, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina favorablemente este asunto por unanimidade, cos votos a favor dos deputados do Grupo Provincial do PSdG-PSOE (8), do Grupo Provincial do Partido Popular (7) e do Grupo Provincial do BNG (2)

6.- DITAMINAR A APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023” (expediente núm. 2021056325)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do R.D.2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, con carácter previo a súa elevación ante o Pleno, sométese ao Ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte proposta de acordo:

“PROPOSTA DE ACORDO

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023

Dase conta das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, as cales conteñen as prescricións que rexerán o programa de axudas da Deputación de Pontevedra ás obras e servizos de competencia municipal. Desta forma, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, coa a súa aprobación polo Pleno Provincial, estas bases constituirán a normativa específica pola que se rexerá o plan.

As bases, ademais de recoller os criterios de distribución da totalidade do crédito dispoñible conforme os principios de obxectividade, equilibrio, respecto á autonomía local e as



características singulares do Concellos, dota de seguridade xurídica ao procedemento de concesión e xustificación de subvencións públicas para acadar, así mesmo, a transparencia que deber presidir a actuación da Deputación Provincial de Pontevedra.

Vista toda a documentación relativa ao citado plan que obra no expediente; vistos os informes do Secretario Xeral, da xefa do servizo de cooperación e da Intervención Provincial sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación a seguinte proposta de acordo:

1ª.- APROBAR as Bases Reguladoras e Convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan de Concellos) 2022-2023, condicionadas, por tratarse dunha tramitación anticipada, á existencia de crédito adecuado e suficiente logo da aprobación definitiva dos orzamentos para o exercicio 2022 e para o exercicio 2023 e a súa entrada en vigor. O texto literal das Bases di como segue:

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023

INTRODUCCIÓN

O Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos)2022-2023 (en adiante PLAN Concellos 2022-2023) é un plan bienal financiado con fondos propios da Deputación de Pontevedra destinado á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia. Por medio deste Plan dáselle cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en adiante a LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos introduciu importantes novidades con respecto a programas de cooperación anteriores. Por unha banda simplificou e integrou nun só programa distintos plans de subvencións financiados cos fondos propios da Deputación o que contribuíu a obxectivar e racionalizar a cooperación cos concellos da provincia e, por outra, realizou unha distribución da totalidade dos fondos entre os concellos aplicando criterios obxectivos e transparentes.

Actualmente, para dar resposta ás necesidades dos concellos, prográmase un plan bienal; desta forma preténdese reforzar a súa autonomía e a súa responsabilidade, e contribuír a planificación da actividade por parte das entidades municipais.

Al igual que en anos anteriores, a finalidade das actuacións que se realizarán co financiamento previsto neste Plan é tanto a realización de investimentos que garantan o funcionamento dos servizos municipais así como facer realidade as adaptacións necesarias das infraestruturas e do territorio ás impostas como consecuencia da loita contra o cambio climático. A recente Lei



7/2021, de 20 de maio, do cambio climático e transición enerxética contempla a integración dos riscos dos cambios derivados do cambio climático na planificación e xestión de políticas sectoriais, como a hidrolóxica, a da costa, a territorial e urbanística, a de desenvolvemento urbano, a de edificación e infraestruturas do transporte. Toda esta amalgama de materias entran de cheo nas competencias locais sinaladas nos artigos 25 e 26 da LRBRL.

Polo tanto, os investimentos poderán ser as obras, as subministracións, a adquisición de bens inmobles, propiedade inmaterial (planeamento urbanístico, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade urbana sostible...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal, pero de acordo co actual trazado no reparto de competencias entre todas as Administracións Públicas implicadas. En todo caso, o Concello deberá ser titular ou cesionario indefinido dos terreos, bens ou instalacións obxecto de subvención e contar con todos os permisos e licenzas preceptivas, ou acreditar telas solicitado no momento de presentación da solicitude de subvención coa achega da documentación correspondente.

En segundo lugar, o cofinanciamento dos gastos correntes municipais incluídos os derivados da realización de actos culturais, sociais, deportivos etc, e en terceiro lugar, o fomento do emprego, encargándose os Concellos dos procesos de selección do persoal que se vai contratar para a prestación directa dos servizos municipais, respectando en todo caso a obriga de contratar a persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego e a preferencia na contratación de colectivos en risco de exclusión social.

Desta forma a estrutura e contido básico do Plan Concellos 2022-2023 non varía substancialmente con respecto aos anos anteriores, se ben recolle as variacións necesarias para o cumprimento do marco normativo actual e se axusta as circunstancias excepcionais que aínda están a afectar ao ámbito local.

Dentro do marco flexible do Plan Concellos 2022-2023 a elección da actividade subvencionable correspóndelles aos concellos, así como a súa execución e adecuada xustificación cumprindo cos requisitos establecidos nas presentes bases e na normativa xeral e autonómica reguladora das subvencións públicas. Así mesmo, conscientes, de que son os Concellos as administracións municipais máis próximas á cidadanía, tanto na necesidade de acometer investimentos como no fomento e apoio aos colectivos máis desfavorecidos, a Plan Concellos, ao igual que en exercicios anteriores vai permitir variacións proactivas de mellor acomodo nas Liñas 2 e 3 para o tránsito e incremento da Liña 1 .

Por último, cómpre lembrar que coa Lei 62/2003 de 30 de decembro, incorporouse no dereito español a Directiva comunitaria do ciclo da auga (Directiva 2000/60/CE), introducindo o principio basilár de recuperación dos custes dos servizos relacionados coa xestión das augas, e por outra banda, no dereito lexislado, tamén se incorporou mediante o artigo 121 bis da actual Lei de Augas 1/2001, de 20 de xullo, as responsabilidades financeiras por non asumir en tempo a correcta xestión dos fondos para tales actividades de xestión, relacionadas con este recurso natural.



Posteriormente, coa Lei 7/2013, de 28 de xuño, o devandito artigo 121 bis da Lei de Augas 1/2001, foi suprimido, modificándose ao mesmo tempo o artigo 7 da Lei Xeral de Subvencións 38/2003 de 17 de novembro. Desta nova regulación son plausibles as compensacións ou retencións sobre fondos públicos mediante dedución do seu importe nos futuros libramentos que se realicen por conta dos citados fondos e instrumentos financeiros, a través das administracións competentes.

En relación á tramitación parlamentaria do Anteproxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, á vista de que este inclúe competencias que non corresponden ás entidades locais, e no caso de que sexa finalmente aprobado, aos concellos que, durante o prazo de vixencia do Plan Concellos, decidan adherirse aos mecanismos que definidos en dita lei que poidan supoñer a obriga de colaboración financeira da Deputación de Pontevedra, se lle reterá do importe do Plan Concellos a parte da achega correspondente á administración provincial.

A este respecto, será requisito obrigatorio para os concellos, comunicar a adhesión, convenio ou instrumento equivalente no prazo de dez días naturais desde a súa formalización. O incumprimento desta obriga poderá dar lugar a perda do dereito de cobro ou reintegro das axudas ata o límite sinalado no parágrafo anterior.

Tendo en conta o carácter bienal e inmediatez do Plan Concellos, esta reserva de crédito farase efectiva a partir do momento no que os concellos fagan efectiva a súa obriga de comunicar á Deputación a formalización da adhesión, convenio ou instrumento equivalente que, no seu caso, se instrumentalice ao abeiro da lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, para axilizar a posta a disposición dos concellos dos recursos necesarios.

No caso de que non sexa posible efectuar a retención por estar concedidas as axudas e iniciados os procedementos de licitación dos proxectos, a retención realizarase con cargo ao importe das baixas, que non poderá ser reutilizado nos proxectos nin dedicalo a novos investimentos.

Así mesmo, para completar o importe que teña que achegar a Deputación, poderán facerse retencións ou compensacións futuras imputables a vindeiros plans ou programas de cooperación.

En relación co exposto confecciónanse as seguintes bases reguladoras:

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Primeira. Obxecto

Estas bases e a convocatoria teñen por obxecto regular o procedemento de concesión, execución e xustificación das subvencións que se concedan con cargo a este Plan de carácter bienal.

As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nestas bases e terán que ser de competencia municipal.



No marco destas bases, os concellos poderán libremente determinar a elección dos investimentos e actuacións subvencionables que desexen realizar. Non obstante, se algún proxecto ou proposta de actuación non se axustase ao obxecto destas bases ou non cumpre con algún dos requisitos obrigatorios establecidos nelas, a Deputación poderá rexeitalo. Nese caso, o Concello poderá presentar unha nova proposta.

O Concello poderá destinar a cantidade asignada ao abeiro do presente plan ao financiamento das achegas municipais para investimentos doutros plans, programas ou convenios desta Deputación ou doutras administracións públicas cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos de execución recollidos no convenio se axusten aos prazos de execución que para os investimentos acollidos na Liña 1 se contemplan nas presentes bases reguladoras.

Nos supostos de investimentos de competencia municipal que se realicen sobre terreos ou estradas, ou nas súas zonas de afección, de titularidade provincial ou de titularidade de calquera outra Administración Pública, o Concello deberá contar coa autorización expresa da respectiva Administración ou, polo menos, acreditar tela solicitada; nestes casos a concesión da subvención quedará condicionada a esta circunstancia.

Se tras a modificación, a reformulación ou a emenda dun proxecto ou documento técnico resultasen afeccións non previstas inicialmente, o Concello deberá solicitar a autorización ante a Administración, entidade ou organismo que corresponda. Para estes efectos, considerarase que a data da solicitude da autorización sectorial poderá ser posterior á data de presentación da solicitude de subvención.

Así mesmo, cando un proxecto ou documento técnico está supeditado á obtención dunha autorización sectorial que foi solicitada, formalmente, durante o prazo de presentación de solicitudes do Plan, ante o organismo correspondente, permítese que a súa aprobación formal se retrase ata o outorgamento da preceptiva autorización. Neste caso, o Concello deberá chegar a resolución ou o acordo de aprobación do proxecto, documento técnico ou memoria valorada e a correspondente autorización sectorial xunto coa primeira xustificación.

As axudas e subvencións deste Plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos na base 8ª.

- ***Liña 1. Investimentos***

- ***Liña 2. Amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos e contratos de consultaría, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos, turísticos...***

- ***Liña 3. Emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais***



Segunda. Natureza xurídica

As axudas que se arbitren a favor dos concellos a través do Plan Concellos 2022-2023 rexeranse polas presentes bases.

Con todo, para o non previsto nelas resultan de aplicación supletoria a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS), a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDEPO) e as restantes normas de dereito administrativo e aplicaranse, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Terceira. Aprobación das bases

De acordo co establecido na base 16.3 das bases de execución do orzamento para o exercicio 2022 e cumprindo o establecido no artigo 17 da LXS, o órgano competente para a aprobación destas bases é o Pleno da Deputación.

Cuarta. Beneficiarios

Poderán solicitar as axudas reguladas nestas bases os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2020. Non poderán obter a condición de beneficiarios aqueles concellos nos que concorra algunha das circunstancias ou prohibicións ás que fai referencia a lexislación vixente en materia de subvencións.

A colaboración cos concellos de máis de 50.000 habitantes, non beneficiarios deste plan, instrumentalizarase a través de convenios de colaboración, para o cal se dotará de crédito a correspondente aplicación orzamentaria.

Quinta. Financiamento e contía das subvencións

O Plan conta con tres liñas de subvencións para os concellos que se financian con cargo ás dotacións orzamentarias das seguintes aplicacións, quedando, no seu caso, condicionada a autorización e disposición do gasto á existencia de crédito no correspondente orzamento.

22/942.9425.462.03 (Plan Concellos 22-23)-Liña 3. Emprego dotada con 9.500.000,00 euros.

22/942.9425.762.46 (Plan Concellos 22-23)- Liña 2.1. Amortización de débedas con entidades financeiras e pagamento de débedas con acredores de investimentos.

22/942.9425.462.45 (Plan Concellos 22-23)- Liña 2.2. Pagamento de acredores de gasto corrente e gastos derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos e contratos de consultaría, dotada con 1.500.000,00 euros.

22/942.9425.462.00 (Plan Concellos 22-23)- Liña 2.3. Gastos derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos, turísticos dotada con 1.500.000,00 euros.

22/942.9425.762.45 e 23/942-9425-762.45 (Plan Concellos 22-23) dotada con 30.500.000,00 euros no exercicio 2022 e 30.500.000,00 euros no exercicio 2023.



No exercicio 2022, correspóndelle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases.

No exercicio 2023 a contía asignada a cada concello será destinada integramente ao financiamento de investimentos. Dita cantidade non se poderá aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3.

5.1 LIÑA 1

Para a liña de subvención 1 cada concello destinará unha porcentaxe mínima sobre a contía asignada do 2022 a que haberá que sumarlle a totalidade da cantidade asignada do 2023, consonte á seguinte táboa:

LIÑA DE SUBVENCIÓN	PORCENTAXE MÍNIMA SOBRE A CANTIDADE ASIGNADA NO 2022	PORCENTAXE SOBRE A CANTIDADE ASIGNADA NO 2023
LIÑA 1	70,93%	100%

5.2 LIÑAS 2 e 3

Para as liñas de subvención 2 e 3 o concello poderá destinar a porcentaxe que se reflicte na táboa sobre a contía individual asignada no 2022, consonte a seguinte distribución:

LIÑA DE SUBVENCIÓN	PORCENTAXE SOBRE A CANTIDADE ASIGNADA NO 2022
LIÑA 2	6,98%
LIÑA 3	22,09%

Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada das Liñas 2 e 3 a incrementar o importe da Liña 1. Non se admitirán traspasos de crédito entre as Liñas 2 e 3.

En todo caso, o Concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar da/as Liñas 2 e/ou 3 á Liña 1.

Os traspasos entre Liñas arriba referidos se poden producir no momento de se presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou do rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente Liña, unha subvención inferior.



Sexta. Criterios obxectivos de outorgamento das subvencións e ponderación destes, así como criterios para a determinación das contías individuais

O Plan de carácter bienal dótase cun importe corenta e tres millóns de euros (43.000.000,00) no exercicio 2022 e trinta millóns cincocentos mil euros (30.500.000,00) no exercicio 2023, que se repartirán en tres grupos da forma seguinte:

Exercicio 2022

Habitantes	Grupo 1 1-10.000	Grupo 2 10.001-20.000	Grupo 3 20.001-50.000
Porcentaxe	45%	31,74%	23,26%
Cantidade por grupo	19.350.000,00	13.650.000,00	10.000.000,00
Total	43.000.000,00		

Exercicio 2023

Habitantes	Grupo 1 1-10.000	Grupo 2 10.001-20.000	Grupo 3 20.001-50.000
Porcentaxe	45%	31,74%	23,26%
Cantidade por grupo	13.725.000,00	9.680.700,00	7.094.300,00
Total	30.500.000,00		

Estas cantidades repartiranse entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á poboación, a superficie, aos núcleos de poboación e a densidade, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nestas porcentaxes:

Grupos de concellos	Ata 10.000 hab.	De 10.001 a 20.000 hab.	De 20.001 a 50.000 hab.
<i>Porcentaxe fixa</i>	40 %	40 %	45 %
<i>Porcentaxe variable</i>	60 %	60 %	55 %
Distribución variable			
<i>Porcentaxe de poboación</i>	60 %	60 %	60 %
<i>Porcentaxe de superficie</i>	20 %	20 %	15 %
<i>Porcentaxe de núcleos</i>	10 %	15 %	20 %
<i>Porcentaxe de densidade</i>	10 %	5 %	5 %



Dado que os plans provinciais deben corraxir os desequilibrios territoriais entre os Concellos, de tal forma que as entidades municipais que se atopan nos niveles máis baixos poidan dispoñer de recursos económicos para prestar os seus servizos en condición de igualdade, é polo que se fixaron estas porcentaxes de reparto. Desta forma acádase unha distribución máis transparente e equitativa, poténciase aos concellos máis desfavorecidos e se materializa a competencia atribuída á Deputación en canto á asistencia e cooperación aos municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión.

Cada concello coñecerá as cantidades que lle corresponden dentro dos dez primeiros días hábiles seguintes ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO). Tamén poderán informarse dirixíndose ao Servizo de Cooperación.

Para estes efectos, todos os datos que se terán en consideración serán os publicados polo IGE correspondentes ao ano 2020.

No caso de que un concello decida adherirse, durante o prazo de vixencia do Plan Concellos, aos mecanismos de colaboración que se definan na lei de mellora da xestión integral da auga e que poida supoñer a colaboración financeira da Deputación de Pontevedra, reterase do importe do Plan Concellos asignado a ese concello para dedicalo ao financiamento das actuacións que se deriven da adhesión como parte da achega que lle corresponda realizar á Deputación.

No caso de que non sexa posible efectuar a retención dos importes asignados no Plan Concellos 2022-2023 por estar concedidas as axudas e iniciados os procedementos de licitación dos proxectos, a retención realizarase con cargo ao importe das baixas, que non poderá ser reutilizado nos proxectos nin dedicalo a novos investimentos. En todo caso, se a retención efectuada resulta insuficiente para completar o importe que teña que achegar a Deputación, poderán facerse retencións ou compensacións suplementarias en vindeiros plans provinciais.

A Presidencia ditará unha resolución presidencial que aprobará a cantidade total por liña que lle corresponde a cada concello, tendo en conta que a disposición do crédito farase para cada solicitude de subvención presentada no marco do Plan Concellos 2022-2023, unha vez comprobada a documentación achegada e instruído o procedemento conforme se recolle na base 16ª do plan.

Sétima. Compensación de débedas

Xunto coa cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022, a Deputación comunicarlle a relación de débedas que teña coa institución provincial na data de publicación destas bases, co fin de que as paguen antes de presentar as solicitudes. No caso de non facelo, os concellos solicitarán a subvención polo importe neto, e o organismo provincial procederá de oficio á detracción das débedas ata atinxir a súa totalidade

Así mesmo, antes do remate do exercicio 2022 comunicará aos Concellos a relación de débedas que teña coa institución provincial a fin de que se proceda ó seu pagamento no prazo de 10 días dende o seguinte ao da recepción da comunicación. De non procederse ao seu



abonamento, a Deputación detraerá o importe das débedas do crédito do ano 2023. No caso de que o crédito do exercicio 2023 estea en parte afecto ao financiamento dun gasto plurianual, a detacción realizarase sobre a parte do crédito non comprometido con dito gasto plurianual.

De estar o 100% do crédito do exercicio 2023 comprometido no financiamento dun investimento bienal, a detacción efectuarase da cantidade que lle poida corresponder ao Concello das Liña 2 e 3 do Plan Concellos 2023 ou, no seu caso, dos ingresos propios obtidos da recadación do ORAL.

Sétima bis. Retención no caso de adhesión ao convenio ou instrumento equivalente para a mellora da xestión integral da auga.

O Concello que decida adherirse, durante o prazo de vixencia do Plan Concellos 2022-2023, aos mecanismos de colaboración que se definan na lei de mellora da xestión integral da auga e que poida supoñer a colaboración financeira da institución provincial, deberálle comunicar a esta a fin de que se poida proceder a efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación da cantidade asignada ao Concello no Plan.

No caso de que non sexa posible efectuar a retención dos importes asignados no Plan Concellos 2022-2023 por estar concedidas as axudas e iniciados os procedementos de licitación dos proxectos, a retención realizarase con cargo ao importe das baixa, que non poderá ser reutilizado nos proxectos nin dedicalo a novos investimentos ou con cargo a futuros Plans de cooperación.

Oitava. Finalidades subvencionables

Os concellos presentarán as solicitudes de subvención para as distintas liñas achegando para cada solicitude a documentación necesaria sinalada na base 12ª.

Serán subvencionables as finalidades que se indican a continuación para cada unha das liñas seguintes:

8.1. Liña 1. Investimentos

Neste plan pódense incluír todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (planeamento urbanístico, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

O Concello deberá ser, en todo caso, titular dos bens, instalacións ou terreos nos que se van executar os investimentos, ben porque sexa propietario ou ben porque dispoña dun dereito de uso ou cesión de duración indefinida sobre estes; é imprescindible que en ditos bens se realicen actividades ou se presten servizos de competencia municipal.

Se os proxectos para a súa realización precisasen autorizacións da Deputación ou doutras administracións públicas, o Concello deberá acreditar documentalmente que xa conta con elas



ou que xa as solicitou xuntando os correspondentes documentos. Neste último caso a Deputación aprobará a concesión da subvención condicionada a que o Concello xustifique a súa obtención.

Cando un proxecto ou documento técnico está supeditado á obtención dunha autorización sectorial que foi oportunamente solicitada, dentro do prazo de presentación de solicitudes do Plan, ante o organismo correspondente, permítese que a súa aprobación formal se retrase ata o outorgamento da preceptiva autorización. Neste caso, o concello deberá achegar a resolución ou acordo de aprobación do proxecto, documento técnico ou memoria valorada e a autorización correspondente xunto coa primeira xustificación.

Os investimentos terán un orzamento igual ou superior a vinte mil (20.000,00) euros, incluído o IVE, agás os proxectos que se tramiten como gasto plurianual cuxo orzamento será igual ou superior a cen mil (100.000,00) euros, incluído o IVE. Os proxectos que se tramiten como gasto plurianual deberán cumprir as porcentaxes que sobre os compromisos de carácter plurianual se recollen no artigo 47.2 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria e 174 do TRLFL. No caso de non se cumprir as porcentaxes de gasto plurianual previstas no referido artigo do TRLFL, o concello deberá achegar o acordo plenario de aprobación do gasto.

Así mesmo, na tramitación dun investimento plurianual o Concello haberá de incluír no acordo de aprobación do gasto o compromiso de incluír nos orzamentos de cada anualidade o financiamento correspondente para asumir as anualidades quedando, en todo caso, condicionado a aprobación do expediente á aprobación do orzamento do exercicio que corresponda e á existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo.

No caso das subministracións, que deberán ter un carácter singular e natureza inventariable, o importe de cada expediente de solicitude e do orzamento será de 5.000,00 euros. O orzamento poderá agrupar diversos conceptos subvencionables de similar natureza.

É subvencionable a compra de bens ou equipamentos relacionados coa prestación de servizos municipais (vehículos, mobiliario urbano, equipamento administrativo, deportivo, cultural etc.).

O resto das subministracións que non constitúan un investimento por si mesmas e que supoñan a mellora, a construción ou a creación dun ben novo deberán integrarse nun proxecto de investimento.

Todas as partidas dos orzamentos deberán ser subvencionables; non se admitirán partidas de natureza administrativa, coma homologacións, licenzas.. etc. No caso da merca de bens inmoables son subvencionables os gastos notariais, os gastos do rexistro e os gastos periciais sempre e cando estean recollidos na memoria descritiva do ben a mercar.

Non se poderá facer referencias a marcas concretas en ningún documento do proxecto, incluso nos relativos a cálculos técnicos ou outras referencias de calquera tipo (lumínicos, hidráulicos, etc). Unicamente, e con carácter excepcional, se admitirá a referencia a marcas cando non sexa posible facer unha descrición o bastante precisa e intelixible do obxecto do contrato, de acordo co artigo 126 .6 da xa citada Lei 9/2017, e deberá engadirse a mención “ou equivalente”.



Cada investimento debe identificarse cun proxecto técnico, documento técnico ou análogo, que deberá presentarse na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, debidamente asinado e que deberá redactarse segundo estas bases.

Non se admitirán denominacións xenéricas. Os investimentos que se integren no plan deben ser identificados con claridade, sen lugar a ambigüidades, e debe existir unha concordancia entre a solicitude e a denominación do proxecto ou documento técnico análogo.

No caso de investimentos de natureza similar ou homoxénea (pavimentacións, saneamentos, alumeado etc.), deberán propoñerse necesariamente nunha única solicitude e nun único proxecto, o cal a súa vez, se deberá dividir en lotes. Só se poderá excepcional da división en lotes no suposto de que polo Concello se acredite cun informe motivado que mediante a realización independente con lotes se dificultaría a correcta execución desde o punto de vista técnico, ou ben se provocarían problemas de coordinación ou doutra índole na execución das diferentes prestacións que integran o referido investimento. En ningún caso estará permitido presentar, e mediante proxectos independentes, solicitudes que en realidade son da mesma natureza para poder acudir aos trámites dos contratos menores.

No suposto de investimentos asociados ao ciclo da auga, principalmente abastecementos ou saneamentos, deberá achegarse un informe da Secretaría do concello no que se xustifique que a execución da obra non se atopa entre as obrigas a realizar pola empresa xestora da auga no concello, ou no seu caso, de chegar a aprobar posteriormente o anteprojecto do ciclo integral da auga, de que non forma parte do contido da adhesión ao mesmo.

8.1.1. Proxectos

Os proxectos serán encargados polos Concellos e redactados por técnicos competentes, agás nos casos dos convenios coa propia Deputación ou con outras administracións nos que estas asuman a súa redacción, e deberán referirse necesariamente a obras completas ou de aproveitamento separado, entendéndose por tales, as susceptibles de ser entregadas ao uso xeral ou ao servizo correspondente, sen prexuízo de posteriores ampliacións, e comprenderán todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a utilización da obra.

Todos os proxectos conterán, alo menos, a documentación establecida na normativa de contratos axustando o seu contido ás seguintes instrucións, segundo sexa o orzamento de licitación ou o total de execución no caso de que o realice a propia administración:

As obras susceptibles de execución en varias anualidades presentarán o proxecto completo e a documentación correspondente á anualidade debidamente cuantificada ao obxecto da súa inclusión no plan, indicando a contía e desagregando as partidas de obra imputables a cada anualidade.

Non se admitirán obras cuxo único obxecto sexa a demolición. Será subvencionable á merca de terreos e bens inmobles sempre que estean apareladas á unha posterior prestación de servizos de competencia municipal. Tamén terán a condición de subvencionables os gastos das expropiacións que resulten necesarias para a execución das obras de infraestruturas ou ben



para a futura ampliación das dotacións locais ou a prestación de servizos de competencia municipal.

Para o caso de que un investimento conteña prestacións correspondentes en parte a obra e en parte a subministración, atenderase na súa cualificación como un ou outro, á prestación que sexa a definitiva do contrato segundo o informe da secretaria ou secretario do Concello.

Os concellos poderán solicitar o financiamento dos honorarios de redacción, de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde cando estas sexan obxecto dunha contratación externa.

Os proxectos de obra, de acordo co recollido no artigo 233 da Lei de contratos do sector público (LCSP), deberán comprender, cando menos:

- a. Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e a situación previa a estas, as necesidades que se deben satisfacer e a xustificación da solución adoptada, e na que se detallen os factores de todo tipo que hai que ter en conta*
- b. Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, no seu caso, e os servizos afectados pola súa execución*
- c. Os pregos de prescricións técnicas e particulares*
- d. Un programa de desenvolvemento dos traballos cuantificado ou un plan de obra de carácter indicativo, coa previsión, se é o caso, do tempo e do custo*
- e. Un orzamento, integrado ou non por varios parciais, coa expresión dos prezos unitarios e dos descompostos, se é o caso, o estado das medicións e os detalles precisos para a súa valoración. No caso de incluír partidas alzadas, o seu importe non poderá superar o 5 % do orzamento de execución material. Todas as partidas do orzamento deberán ser subvencionables; non se admitirán partidas de natureza administrativa, coma homologacións, licenzas, ou o custo do cartel de obra, por ser a cargo do adxudicatario.*
- f. O estudo de seguridade e saúde ou, no seu caso, o estudo básico de seguridade e saúde, nos termos previstos nas normas de seguridade e saúde nas obras*
- g. O estudo de xestión de residuos de construción e demolición, no que se faga unha estimación da cantidade de residuos xerados e unha valoración do custo previsto para a súa xestión, o que debe figurar con carácter independente do orzamento, así como o resto do contido esixido no Real decreto 105/2008, de 1 de febreiro*
- h. O estudo xeotécnico dos terreos sobre os que se vai executar a obra, agás que resulte incompatible coa súa natureza*
- i. No caso de ser preciso, un estudo topográfico para a correcta definición dos terreos sobre os que se vai executar a obra*



- j. O certificado de eficiencia enerxética en edificios de nova construción e demais ámbitos de aplicación segundo o Real decreto 235/2013, de 5 de abril*
- k. Na redacción dos proxectos de obra débese ter en conta a porcentaxe de gastos xerais e beneficio industrial e as persoas autoras destes deberán ser técnicas ou técnicos competentes na materia obxecto do proxecto*
- l. Canta documentación estea prevista nas normas de carácter legal ou regulamentario*

Os proxectos estarán suxeitos ás instrucións técnicas que sexan de obrigado cumprimento.

Naqueles proxectos de obra cuxo orzamento de licitación, excluído o IVE, sexa inferior a 40.000,00 euros, poderase presentar un documento técnico que simplifique, refunda ou incluso suprima algún dos documentos anteriores, sempre que a documentación resultante sexa suficiente para valorar, definir e executar a obra, sen prexuízo de que se deba elaborar un proxecto cando as normas específicas así o requiran. En todo caso, como mínimo, achegarase:

- a. Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e a situación previa a elas, as necesidades que hai que satisfacer e a xustificación da solución adoptada, e na que se detallen os factores de todo tipo que se deben ter en conta*
- b. Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida*
- c. O orzamento, as medicións e os detalles precisos para a valoración da actuación*
- d. O estudo básico de seguridade e saúde e o estudo de xestión de residuos, dos que só poderá prescindirse nos casos en que así estea previsto na normativa específica que regula a obra.*

8.1.2 Proxectos por administración

O Concello poderá solicitar, sempre que cumpra os requisitos establecidos na Lei de Contratos, a execución da obra directamente polo sistema de administración. Neste caso, tanto a memoria do proxecto como o prego de prescricións técnicas adaptarán o seu contido a esta modalidade. É dicir, non constará o orzamento de licitación e no seu lugar constará o orzamento de execución da obra directamente por administración. Tampouco se fará mención á contrata nin ao contratista por seren inexistentes nesta modalidade.

A redacción dos proxectos por administración axustarase á normativa vixente en materia de contratación.

8.1.3 Subministracións

As subministracións que constitúan un investimento en si mesmas se incluírán, exclusivamente, nunha única anualidade do plan. Neste caso o Concello deberá achegar unha memoria valorada que deberá incluír, polo menos, a seguinte documentación:



- a. *Unha memoria descritiva na que se detallen o obxecto e a finalidade da subministración, os antecedentes, as necesidades que se van satisfacer e a xustificación da solución adoptada*
- b. *Un orzamento desagregado, no que se definan con claridade os distintos elementos da subministración coas súas características técnicas precisas, con expresión dos prezos de cada elemento e o número de unidades, e co IVE desagregado. Todos os equipamentos deberán contar coa acreditación “Etiqueta CE”. A descrición dos elementos deberá realizarse utilizando rangos de prestación, dimensións, características técnicas, etc, para evitar limitar a competencia*
- c. *Se son necesarios, documentos gráficos para a correcta definición da subministración*
- d. *No caso de subministración e instalación de mobiliario urbano, xogos, iluminación, marquesiñas, colectores de lixo e similares será obrigatorio sinalar para cada elemento o lugar exacto da súa instalación no plano*
- e. *Lugar e prazo de entrega*
- f. *Prazo de garantía*

As memorias das subministracións deberán ser redactadas e asinadas por persoas técnicas competentes.

A Deputación, en todo caso, supervisará e controlará os proxectos e terá especialmente en conta os prezos das distintas unidades.

8.1.4 Aprobación e supervisión dos proxectos, documentos técnicos ou memorias valoradas

Os proxectos, documentos técnicos ou memorias valoradas deben ser aprobados polo órgano competente do Concello. Non obstante, no caso daqueles proxectos, documentos técnicos ou memorias valoradas que non puidesen ser aprobados no momento de presentar a solicitude de subvención por estar supeditados ao outorgamento dalgunha autorización sectorial por parte da administración, entidade ou organismo que corresponda, permítese que a aprobación formal se demore ata que a entidade municipal dispoña da mesma. Nestes supostos, a concesión da subvención quedará condicionada a que se achegue o acordo ou a resolución de aprobación do proxecto e a correspondente autorización sectorial xunto coa primeira xustificación.

No caso dos convenios coa Deputación ou con outras Administracións nos que estas asumen a redacción do proxecto así como a dirección, licitación e execución do investimento, o Concello queda exento da aprobación do proxecto técnico que lle corresponderá, en todo caso, ao órgano de contratación.

8.1.5 Achegas municipais para investimentos doutros plans, programas ou convenios



O Concello poderá destinar a cantidade asignada na Liña 1 do presente plan ao financiamento das achegas municipais para investimentos doutros plans, programas ou convenios desta Deputación ou doutras administracións públicas cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre cos prazos de execución recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos prazos de execución que para os investimentos acollidos na Liña 1 se contemplan nas presentes bases.

Cando un Concello traslade crédito do Plan Concellos 2022-2023 con destino ao financiamento das achegas municipais doutros plans, programas ou convenios provinciais, a subvención que se conceda rexerese polas normas do plan que se cofinancia.

8.1.6 Titularidade

O Concello deberá ser, en todo caso, titular dos bens, instalacións ou terreos nos que se van executar os investimentos, ben porque sexa propietario ou ben porque dispoña dun dereito de uso ou cesión sobre estes que teña duración indefinida ou a prevista para a actividade ou servizos que se van realizar ou prestar; será imprescindible que nos devanditos bens se realicen ou presten por parte do Concello, de forma real e efectiva, actividades ou servizos de competencia municipal, previos aos acordos que sexan necesarios para o establecemento da actividade ou servizo, se fose necesario.

8.1.7 Outorgamento de licenzas

Se os proxectos, pola súa situación ou características, precisan de permisos ou autorizacións doutros organismos, será o Concello quen os solicite. Ademais deberá acreditar que conta con eles ou que xa os solicitou xuntando os correspondentes documentos. Neste último caso, a subvención concederáse condicionada a que o Concello xustifique a súa obtención.

Así mesmo, nos supostos de investimentos de competencia municipal que se realicen en terreos ou estradas, ou nas súas zonas de afección, de titularidade provincial ou de titularidade de calquera outra Administración pública deberá contar coa autorización expresa da respectiva Administración ou, cando menos, acreditar que a solicitou. A concesión da subvención quedará condicionada a esta circunstancia.

Se tras a modificación, reformulación ou emenda dun proxecto ou documento técnico resultasen afeccións non previstas inicialmente, o Concello deberá solicitar a autorización ante a Administración, entidade ou organismo que corresponda. Para estes efectos, considerarase que a data da solicitude da autorización sectorial poderá ser posterior á data de presentación da solicitude de subvención.

8.1.8 Contratación dos investimentos

Os concellos ou outras administracións contratarán os investimentos de acordo coa lexislación vixente en materia de contratación pública que, así mesmo, poderán ser executados pola propia Administración municipal.

8.1.9 Subcontratación



A subcontratación prodúcese cando o beneficiario concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada. Permítese a subcontratación da totalidade das actividades subvencionadas.

8.1.10 Execución dos investimentos

As obras serán executadas polos respectivos concellos ou outras administracións, segundo o proxecto técnico, documento técnico análogo ou memoria valorada, sen prexuízo da posibilidade de que a Deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

A directora ou director das obras será designada ou designado pola entidade local contratante, e daralle conta da designación á Deputación. Calquera cambio na dirección técnica seralle igualmente comunicado á institución provincial no momento no que teña lugar. Durante a execución das obras, o Concello comunicarlle á Deputación a data e a hora nas que terá lugar a comprobación do reformulo, á que asistirá, de consideralo procedente, a Corporación provincial, unha persoa facultativa técnica ou unha ou un representante desta. A copia da acta que se redacte seralle remitida á Deputación xunto coa fotografía do cartel de obra que acredite a difusión dada ao financiamento outorgado pola Deputación, que será colocado no momento da sinatura da devandita acta.

O Concello comunicarlle á Deputación de Pontevedra a data e a hora nas que terá lugar, ao remate das obras, o acto de recepción destas, ao que asistirá, de consideralo procedente, a Presidencia ou unha persoa representante ou facultativa desta. A Administración municipal remitirlle á provincial unha copia da acta do antedito acto de recepción.

8.2 Liña 2. Amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos así como os contratos de consultaría e asistencia técnica, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos, turísticos...

Serán subvencionables as seguintes tipoloxías de gasto:

- Amortización do endebedamento con entidades financeiras*
- Pagamento de débedas a acredores de investimentos e de gasto corrente.*
- Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos e contratos de consultaría,*
- Gasto corrente derivado da realización de actos, culturais, deportivos, sociais, educativos, turísticos.*

8.2.1 Pagamento de débedas a acredores de gasto corrente e de investimentos



O Concello deberá elaborar unha certificación das facturas que teñan entrada no Rexistro xeral do Concello ata o día 31 de decembro de 2021, este incluído, e que estean pendentes de pagamento no momento de elaborar a dita certificación. As facturas terán que estar conformadas.

No certificado deberán separarse as facturas que se imputan ao capítulo II do orzamento municipal e as que se imputan ao capítulo VI, e indicaranse, entre outros datos para cada débeda, a data de entrada no Rexistro do Concello, o resumo do concepto, a identificación do provedor/acredor e o importe (IVE incluído). Relacionaranse e aboaranse segundo a orde de entrada no Rexistro do Concello.

8.2.2 Amortización do endebedamento con entidades financeiras

O Concello poderá destinar a cantidade asignada na Liña 2 a reducir o seu endebedamento coas entidades financeiras. Neste caso deberá elaborar unha certificación onde se faga constar a entidade financeira coa que se concertou o préstamo, o tipo de operación, a data de concertación, o importe, o prazo de amortización e o importe pendente de amortizar. Tamén se deberá certificar que a débeda que se pretende amortizar é a que ten as condicións máis gravosas para o concello en termos económicos.

8.2.3 Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e gasto corrente derivado da realización de actividades culturais, sociais, deportivas, turísticas etc.

No suposto de que o Concello opte por esta liña de actuación deberá elaborar unha memoria descritiva e valorada dos gastos correntes asociados ao funcionamento dos servizos públicos municipais no exercicio 2022, que se acompañará da documentación que se sinala na base 12ª. Serán subvencionables, a través do programa de subvencións que regulan estas bases, os gastos correntes e de funcionamento derivados da realización das actuacións incluídas no capítulo II do orzamento de gastos. Poderían incluírse, entre outros:

- Os gastos de funcionamento dos servizos de subministración de auga potable, de rede de sumidoiros, limpeza viaria, recollida de lixo, iluminación pública, telefonía, combustibles, repostos de maquinaria, de utensilios e de elementos de transporte etc.*
- Reparacións, mantemento e conservación da rede viaria municipal, parques públicos, infraestruturas, edificios e locais, maquinaria etc.*
- Gastos de funcionamento de conservatorios, escolas de música e escolas deportivas de titularidade municipal, agás gastos de persoal*
- Gastos derivados da prestación de servizos por parte dos grupos de emerxencias (GES), incluídos os gastos do seu funcionamento*
- Servizos externalizados derivados da contratación de servizos municipais con empresas externas*
- Contratos para a realización de proxectos así como os contratos de consultaría*
- En xeral, todos aqueles gastos directamente asociados ao funcionamento dos servizos de competencia municipal*

Os contratos que fosen necesarios para realización destes gastos terán que axustarse aos procedementos regulados na lexislación de contratos.



Poderanse incluír dentro desta liña os gastos derivados da realización de actividades culturais, sociais, deportivas, turísticas etc., como:

- Os gastos que contribúan á divulgación da cultura e ao desenvolvemento educativo e social das persoas do municipio, tales coma celebracións, exposicións, publicacións, certames, mostras, eventos musicais e teatrais, encontros, conferencias, festexos tradicionais, viaxes culturais, cursos de formación, actividades de promoción de hábitos saudables e de loita contra a violencia de xénero e calquera actividade cultural, social ou educativa semellante ás sinaladas*
- Os gastos que contribúan ao desenvolvemento e promoción do deporte municipal, coma competicións, campus deportivos, ligas e outros de natureza semellante*
- Os gastos que contribúan ao desenvolvemento turístico do municipio e dos seus recursos, coma feiras, mostras, congresos, material gráfico, publicacións e festas de carácter singular que constitúan un instrumento de promoción turística*
- Os gastos que contribúan ao desenvolvemento e sensibilización medioambiental das persoas do municipio*
- Calquera outro de natureza análoga aos definidos*

As actividades incluídas nesta liña deberan realizarse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022, con independencia da data de emisión da factura que poderá ser anterior á data de presentación da solicitude de subvención na sede electrónica da Deputación.

As actividades poderán ser desenvolvidas directamente polo Concello ou ser obxecto de contratación externa. Os contratos que fosen necesarios para a realización das actividades deberán axustarse aos procedementos regulados na lexislación de contratos.

Así mesmo, os Concellos poderán reprogramar ou modificar os prazos de execución das actividades sen necesidade de obter a autorización previa da Deputación, sempre e cando a modificación afecte única e exclusivamente a data de realización da actividade subvencionada, sen que haxa lugar a ningunha outra modificación.

O importe mínimo da solicitude de subvención debe acadar os mil (1.000,00) euros.

8.3 Emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais

Será subvencionable a contratación de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, tendo en conta a normativa aplicable, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- Ser prestados polas entidades beneficiarias en réxime de administración directa*
- Favorecer na súa execución ou prestación a formación e as prácticas profesionais das persoas desempregadas que se van contratar*
- Ser prestados ou executados no ámbito municipal*



- *Responder a necesidades de persoal urxentes e inaprazables, é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia*
- *Que esas necesidades lles afecten a sectores, funcións ou categorías profesionais prioritarias indispensables para poder satisfacer as necesidades básicas da vida persoal ou social das persoas, de acordo coas circunstancias de cada momento ou lugar, ou necesarias para o benestar da veciñanza; tamén as que permitan asegurar o funcionamento regular da propia entidade e dos seus órganos de Goberno*

As mencionadas axudas ou subvencións irán destinadas a financiar a contratación laboral, en réxime de xornada parcial ou completa segundo as necesidades de contratación que determine cada concello. As axudas comprenden o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos no parágrafo seguinte destas bases, respectando en todo caso o salario mínimo interprofesional que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora. Os concellos poderán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

As traballadoras e traballadores que se contraten para realizar as obras ou prestar os servizos polos que se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e que estean dispoñibles para o emprego, sen prexuízo das convocatorias públicas que o concello poida levar a cabo. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.

Os concellos beneficiarios da subvención solicitarán as persoas traballadoras que necesiten mediante a presentación da correspondente oferta na oficina pública de emprego, cos modelos normalizados para os efectos, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas que sexan contratadas para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, coa obriga de presentar unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación.

O Concello beneficiario será quen realice a selección definitiva das persoas candidatas, en conformidade coa normativa aplicable, na forma prevista e segundo os criterios sinalados a continuación, tendo en conta que, en todo caso, os contratos deberán formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución na que se conceda a subvención. Sen prexuízo das obrigas legais que poidan existir, para a selección daráselles preferencia por esta orde ás persoas dos seguintes grupos:

- *Vítimas de violencia de xénero*
- *Persoas candidatas maiores de 45 anos e aquelas que acrediten unha discapacidade superior ao 33 %*
- *Persoas candidatas que formen unha familia monoparental con fillas ou fillos ao seu cargo*
- *Persoas candidatas con niveis de renda máis baixa*
- *Persoas candidatas con cargas familiares*



As entidades darán de alta na Seguridade Social as persoas contratadas, dentro do código de conta de cotización que corresponda.

No caso de que algunhas das persoas contratadas renunciem ao contrato antes da súa finalización, ou se se dá algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o Concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas permitírase a contratación doutra persoa traballadora que a substitúa para os efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable; tendo que optar o Concello por imputar o custo dunha ou doutra persoa traballadora alternativamente durante o período de baixa. Ademais, o Concello deberá comunicarlle estas situacións á Deputación mediante escrito motivado.

Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2022 e finalizar como máximo o 31 de decembro de 2022, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período.

A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e a persoa traballadora non vinculará á Deputación de Pontevedra.

A subvención para esta liña deberá solicitarse nun único expediente.

CAPÍTULO II. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN

Novena. Prazo e lugar de presentación

O procedemento de concesión das subvencións previstas nestas bases é o de réxime de concorrencia non competitiva.

Décima. Prazo e lugar de presentación

O prazo para presentar as solicitudes da Liña 1 imputables ao exercicio 2022 e gastos plurianuais que se financian conxuntamente nos exercicios 2022 e 2023 será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no BOPPO e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

*O prazo para presentar as solicitudes da Liña 2 e 3 imputables ao exercicio 2022 é de **tres meses** contados desde o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.*

O prazo para presentar as solicitudes da Liña 1 imputables exclusivamente ao exercicio 2023 será de tres meses e comezará o 1 de novembro de 2022 e rematará o 01 febreiro de 2023.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <http://sede.depo.gal>, de acordo co procedemento electrónico establecido para o efecto.

Se algún concello presenta a súa solicitude de forma presencial requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica.



Para a presentación das solicitudes a sede electrónica da Deputación admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistema de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Décimo primeira. Comprobación de datos

Para a tramitación dos procedementos consultarase automaticamente os datos incluídos nas solicitudes:

- *Certificación de estar ao corrente coas obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social.*

No caso de que os concellos interesados se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro habilitado na solicitude de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar a presentación dos documentos correspondentes.

Décimo segunda. Documentación

O concello interesado, ademais da solicitude de subvención, presentará para cada Liña a documentación que se refire deseguido, tendo en conta, non obstante, as seguintes instrucións: Os certificados serán asinados polo Secretario ou pola Secretaria do Concello e pola persoa que teña atribuída a representación legal ou delegada a competencia.

As declaracións, compromisos e outros documentos serán asinados pola alcaldesa ou polo alcalde ou pola persoa en quen esta ou este deleguen. En determinados documentos (acta de trazado previo, proxecto...) seralle de aplicación a normativa específica que os regula.

A documentación deberá presentarse electronicamente. As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das entidades interesadas achega a documentación presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica.

No caso de que algún dos documentos que se deben presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

Liña 1. Inversións



- *A resolución ou o acordo do órgano competente do Concello da aprobación da solicitude de subvención coa indicación do seu importe. Tamén será válido o certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente da resolución ou do acordo adoptado.*
- *Proxecto, documento técnico ou análogo ou memoria valorada no caso das subministracións.*
- *Informe da persoa redactora do proxecto, avalado pola técnica ou técnico do Concello cando a redacción sexa externa, no que se deberá indicar expresamente se a execución do proxecto precisa (ou non) de autorizacións sectoriais. No caso de ser precisas, o seu detalle.*
- *De ser o caso, as autorizacións sectoriais precisas para a normal execución do investimento ou documentación que acredite que as solicitou ante os organismos correspondentes dentro do prazo de presentación das solicitudes do Plan Concellos 2022-2023.*
- *A resolución ou o acordo de aprobación do proxecto técnico, documento técnico ou análogo das obras ou memoria das subministracións que se inclúen no plan. Tamén será válido o certificado expedido pola persoa funcionaria competente da resolución ou do acordo adoptado.*

Cando a aprobación formal non fose posible pola necesidade de dispoñer dalgunha autorización sectorial que está pendente de outorgamento, a entidade municipal achegará a resolución ou o acordo de aprobación do proxecto, documento técnico ou memoria (ou o certificado da resolución ou do acordo adoptado), a autorización/s sectorial/is que proceda/n e a acta de trazado previo (Anexo III) coa primeira xustificación.

- *Acreditación da titularidade ou, no seu caso, dos acordos de cesión de uso indefinido dos terreos, bens ou instalacións nos que se vai facer o investimento, consonte ao recollido na base 8ª.1.6 das reguladoras.*
- *Acta de trazado previo de acordo co anexo III, no caso de contar coa dispoñibilidade dos terreos precisos para normal execución do investimento,.*
- *Comunicación da adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a mellora da xestión do ciclo integral da auga.*

Liña 2. Amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos así como os contratos de consultaría e asistencia técnica, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos, turísticos...

- ***Amortización da débeda con entidades financeiras***

- *Un certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente de acordo co anexo IV, no que se faga constar:*
 1. *Que a cantidade que se solicita se corresponde cunha débeda pendente de amortizar. Indicarase a entidade financeira e as demais características da*



operación de crédito/préstamo cuxa débeda, total ou parcial, se pretende amortizar

- 2. Que a débeda que se pretende amortizar é a que ten condicións máis gravosas para o Concello en termos económicos (comisións, tipos de xuros etc.) e, polo tanto, resulta máis vantaxoso amortizala primeiro*

- **Pagamento de acredores de gasto corrente e de investimentos**

- *Certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente de acordo co anexo V, no que se faga constar:*

- 1. A relación de facturas/certificacións pendentes de pagamento, con data de entrada no Rexistro xeral do Concello ata o 31 de decembro de 2021, este incluído, na que se indique a súa correcta identificación e se expresen a data de expedición e a de rexistro, o número, a identificación do acredor/proveedor, a imputación ao capítulo II ou VI do orzamento municipal, o resumo dos conceptos e o importe coa repercusión do IVE, no seu caso.*

- 2. Que as facturas conformadas que se relacionan están pendentes de aboamento e que non existen a 31 de decembro de 2021 outros acredores/provedores que teñan preferencia para o pagamento das súas débedas.*

- 3. Que o aboamento das facturas conformadas realizarase segundo a orde de entrada no Rexistro do Concello.*

- **Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos así como os contratos de consultaría e asistencia técnica), así como da realización de actividades culturais, sociais, deportivas ou turísticas, etc**

- *Certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente de acordo co anexo VI, no que se faga constar:*

- *A resolución ou o acordo do órgano competente do Concello da aprobación da solicitude de subvención coa indicación do seu importe, na que se detallará a actuación ou o gasto que se vai realizar no exercicio 2022.*

- 1. A aprobación da memoria descritiva e valorada do gasto*

- *Memoria descritiva e valorada dos gastos que se pretenden financiar entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022, derivados da prestación de servizos públicos, así como da realización de actividades culturais, sociais, deportivas, turísticas etc., nas que se identifique a natureza do gasto de acordo co previsto na base 8ª.*

Liña 3. Conservación e funcionamento de bens e servizos municipais

- *Memoria global das actuacións que se van desenvolver na que se indiquen o perfil (categoría profesional) e o número das persoas desempregadas que se van contratar, a duración dos contratos, a desagregación do orzamento por persoa traballadora e o importe da subvención por cada unha*



- *Certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente de acordo co anexo VII no que se faga constar*
 1. *O acordo do órgano competente do Concello da aprobación da solicitude de subvención coa indicación da súa denominación e de que se cumpre coas condicións establecidas nas bases reguladoras, en concreto, que a dita solicitude responde a necesidades de persoal urxentes e inaprazables en sectores, funcións e categorías profesionais indispensables para satisfacer as necesidades básicas da veciñanza ou para asegurar o funcionamento regular da entidade e dos seus órganos de goberno*
 2. *A aprobación da memoria descritiva na que se determine o número das persoas desempregadas que se van contratar e o seu perfil (categoría profesional)*
 3. *A colaboración no financiamento da actuación proposta cos fondos económicos necesarios de haber cofinanciamento por parte da entidade municipal; o órgano que adopta a resolución ou o acordo será o competente para comprometer a dita achega municipal*

Décimo terceira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e a súa emenda

Todos os trámites administrativos posteriores que os concellos deban levar a cabo durante este procedemento deberán realizarse electronicamente a través do formulario de “Instancia xenérica” dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP requiriráselle ao concello interesado, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, para que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos e indicárselle que, no caso de non o facer, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Décimo cuarta. Notificacións

As notificacións de acordos e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Carpeta Ciudadana e da Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos sistemas son accesibles desde a sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen 10 días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



O sistema remitiralle ás entidades interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practicaraa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo quinta. Compatibilidade

As subvencións que se concedan no marco destas bases admiten a compatibilidade con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade outorgada por esta Deputación ou por outras administracións públicas, sempre que o importe destas sexa de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non se supere o custo da actividade subvencionada.

Para estes efectos, e en conformidade co disposto no artigo 14.1.d da LXS e no artigo 33 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, unha das obrigas do beneficiario é a de comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as finalidades subvencionadas.

Todas as alteracións das condicións que se tiveron en conta para a concesión e, en todo caso, a concesión concorrente de axudas por calquera entidade pública ou privada, nacional ou internacional, poderán dar lugar á modificación da subvención outorgada.

Décimo sexta. Ordenación, instrución, procedemento e resolución

A instrución do procedemento de concesión de subvencións, que é o de concorrencia non competitiva, correspóndelle ao Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Igualmente, o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

Unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para a someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto, no seu caso, e da fiscalización da intervención.

Se algunha solicitude de subvención é rexeitada pola Deputación por non axustarse ás finalidades subvencionables contempladas nas presentes bases ou por non cumprir algún dos requisitos esixidos nelas e, por esta razón, é informada desfavorablemente polas ou polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

As subvencións que se outorguen ao abeiro do presente Plan bienal, con cargo ao exercicio 2022 e gastos plurianuais que se financian conxuntamente nos exercicios 2022 e 2023 deberán



estar totalmente concedidas no prazo de seis meses desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

As subvencións que se outorguen exclusivamente con cargo ao exercicio 2023 deberán estar totalmente concedidas no prazo de seis meses desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Unha vez notificadas as resolucións ou acordos de concesión entenderanse aceptados polos concellos salvo que estes expresamente os rexeiten.

Décimo sétima. Modificacións das resolucións ou acordos de concesión das subvencións

Con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes de que conclúa o prazo para a realización das actividades ou investimentos obxecto de subvención e sempre e cando non se prexudiquen intereses de terceiros, poderase solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada ou pola modificación do contido sen variar a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada.

No caso dos gastos plurianuais , o cambio de finalidade deberá respectar, en todo caso, o crédito comprometido en ambos exercicios.

A modificación do destino das subvencións concedidas (cambio de finalidade) estará condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Petición do cambio de finalidade que procederá nos seguintes supostos, que deberán vir debidamente motivados e xustificadas:*
 - Denegación ou falta dos permisos, licenzas e autorizacións solicitadas e necesarias para a normal execución do investimento segundo a normativa aplicable en cada caso*
 - Recibir axudas ou subvencións doutros organismos públicos ou privados que cubran o importe total ou parcial do gasto subvencionado*
 - No caso de investimentos cofinanciados, a denegación das axudas ou subvencións solicitadas que dea lugar á imposibilidade de afrontar a execución do investimento*
 - Ter prioridade o financiamento doutro gasto urxente e non contar con crédito suficiente para levalo a cabo*
 - Algún impedimento que non permita a súa realización, sempre que se deba a circunstancias sobrevidas e non previsibles no momento que se presentou a solicitude da subvención*
- Acordo do órgano competente do Concello no que se resolva a desistencia (total ou parcial) e o cambio de destino*
- Documentación relativa ao/s novo/s investimento/s ou actuación/s que se vai financiar conforme ao establecido na base 12^a.*



A modificación do destino das subvencións requirirá a autorización expresa da Deputación, cuxo trámite interno se axustará ao seguinte procedemento:

- Informe da xefa do Servizo de Cooperación relativo á desistencia (total ou parcial) e, posteriormente, do cambio de finalidade*
- Informe favorable da Intervención provincial á desistencia (total ou parcial) e, posteriormente, do cambio de finalidade*
- Resolución Presidencial pola que acepta a desistencia (total ou parcial) e se deixa en dispoñible o crédito previamente comprometido para o financiamento da/s nova/s actuación/s ou investimento/s que pretenda acometer o concello. Con carácter excepcional, atribúese á Presidencia a competencia para resolver a fin de axilizar a tramitación destes expedientes.*
- No caso dos investimentos, informe favorable de supervisión do proxecto, documento técnico ou análogo descritivo da actuación que se vai levar a cabo*
- Resolución ou acordo, por razón do importe da nova concesión, do órgano competente da Deputación autorizado o cambio de destino.*

O crédito procedente dun cambio de finalidade débese comprometer na súa totalidade. Para isto, a petición do cambio de finalidade pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada acompañarase, en todo caso, das novas solicitudes de subvención que se pretenden financiar xunto coa documentación sinalada na base 12ª segundo a tipoloxía do gasto.

Non se poderá acumular o crédito dos cambios de finalidade co crédito procedente das baixas.

A modificación da resolución ou acordo de concesión, sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada, estará suxeita ao cumprimento dos seguintes requisitos.

- Petición por parte do Concello, que deberá vir motivada, entre outras, nas seguintes circunstancias:*
 - Necesidade de adaptar o proxecto ás especificacións técnicas, legais ou regulamentarias aprobadas con posterioridade á concesión e antes da licitación do investimento*
 - Necesidade de cumprir coas cautelas ou requirimentos impostos nas autorizacións sectoriais concedidas con posterioridade ao outorgamento da subvención e antes da licitación do investimento*
 - Necesidade de corrixir o proxecto ou memoria por erros ou omisións padecidos na redacción e postos de manifesto con posterioridade á concesión da subvención e antes da licitación do investimento*
 - Necesidade de readaptar, redefinir ou variar algún dos conceptos subvencionados recollidos no proxecto ou memoria antes da licitación do investimento ou antes da realización da actividade obxecto de subvención.*



Desta forma, no caso das actividades de gasto corrente financiadas ao amparo da Liña 2 non procede a modificación da memoria unha vez que a actividade está realizada.

- *No caso das subvencións outorgadas no marco da liña 3 tamén se admitirá a modificación da resolución de concesión naqueles casos nos que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou a conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non lles deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2022. A modificación non poderá implicar unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. No caso de supoñer unha subvención inferior, poderá destinarse a contía sobrante á liña 1*
- *Calquera outra circunstancia debidamente motivada e xustificada*
 - *Acordo do órgano competente do Concello que aproba as variacións operadas no proxecto, documento técnico, memoria valorada ou descritiva da actuación que se vai levar a cabo*

A modificación da resolución ou acordo de concesión sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada requirirá a autorización expresa da Deputación, cuxo trámite interno se axustará ao seguinte procedemento:

- *No caso dos investimentos, informe favorable de supervisión do proxecto, documento técnico ou análogo descritivo da actuación que se vai levar a cabo*
- *Informe da xefa do Servizo de Cooperación*
- *Informe favorable da Intervención provincial*
- *Resolución ou acordo do órgano competente que autoriza a modificación do acordo ou resolución de concesión*

Se a modificación da resolución ou do acordo de concesión, sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada, supón a minoración da subvención concedida, o Concello poderá solicitar a aplicación do importe sobrante no financiamento dunha nova solicitude de subvención dentro da propia liña cumprindo, a estes efectos, o establecido na base 8ª das reguladoras e achegando a documentación prevista na base 12ª ou, no caso, das Liñas 2 e 3 destinar a contía sobrante á liña 1.

Unicamente poderase incrementar a contía subvencionada dos investimentos acollidos na Lina 1 se o crédito provén dunha desistencia total ou parcial e se destina a minorar a achega municipal dunha obra cofinanciada polo Concello.

Por último, todos os trámites administrativos que os concellos deban realizar durante a tramitación do procedemento de modificación das resolucións ou acordos de concesión deberán realizarse electronicamente a través do modelo “Instancia xenérica” dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.



CAPÍTULO III. EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS POLOS BENEFICIARIOS

Décimo oitava. Obrigas dos beneficiarios

Os concellos beneficiarios, en conformidade co disposto nestas bases, estarán obrigados a cumprir co que se establece no artigo 11 da LSG, e en particular a:

1. *Destinar o importe das subvencións outorgadas ao cumprimento total das finalidades que fundamentan a concesión das subvencións*
2. *Realizar as actuacións que fundamentan a concesión das subvencións nos prazos sinalados nestas bases*
3. *Subministrar a información e a documentación que, en virtude das facultades de comprobación das subvencións, lles sexa requirida pola institución provincial e no prazo establecido ao efecto*
4. *Someterse ás actuacións de control financeiro que determine a Deputación de Pontevedra,*
5. *Designar a directora ou director das obras cando o Concello sexa a entidade contratante e informar a Deputación. Calquera cambio na dirección técnica comunicaráse igualmente ao organismo provincial no momento no que se produza*
6. *Realizar o pagamento aos acredores ou provedores o antes posible, e en todo caso no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos da subvención outorgada pola Deputación.*
7. *Aboarlles ás persoas contratadas os salarios que legal ou convencionalmente lles correspondan e asumir a diferenza entre a cantidade subvencionada e os custos salariais e de Seguridade Social totais, de aplicarse o convenio colectivo propio do Concello*
8. *Comunicarlle á Deputación calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade subvencionada co obxecto de que, de estimarse con suficiente antelación, se poida modificar o contido da resolución ou acordo de concesión e mais a xustificación dos correspondentes gastos. Non obstante, no caso dos gastos correntes os Concellos poderán reprogramar ou modificar os prazos de execución das actividades sen necesidade de comunicación nin de obter a autorización previa da Deputación, sempre e cando a modificación afecte única e exclusivamente a data de realización da actividade subvencionada, sen que haxa lugar a ningunha outra modificación.*
9. *Comunicarlle á Deputación as modificacións substantivas que lle afecten á realización da actividade que vaian desenvolver as persoas traballadoras contratadas, así como as renuncias e novos contratos polo tempo restante, co obxecto de que poida valorar se o seu carácter produce unha alteración substancial das condicións que se tiveron en conta para a concesión da subvención*



10. *Comunicarlle á Deputación, no prazo de 10 días naturais desde a formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga aos efectos de que se poidan iniciar os trámites para realizar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos.*
11. *Comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público estatal ou internacional*
12. *Cumprir as obrigas de publicidade, que serán as seguintes:*
 - a. *Darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación de Pontevedra para as actuacións subvencionadas*
 - b. *Facer constar en todas as accións de comunicación ou publicidade (carteis, folletos, programas, placas, cartas ou páxina web, entre outras) o apoio que dá a Deputación. Isto farase mediante a inclusión do seu logotipo nun lugar visible*
 - c. *Acreditar a publicidade desde o inicio da obra, indicando as accións de comunicación realizadas, as fotos e a demais documentación que se considere necesaria*
 - d. *Incluír no prego de cláusulas ou documentación que rexe a contratación unha cláusula na que conste a obriga do contratista de poñer, desde o inicio das obras ata a súa total terminación e comprobación material por parte da Deputación, un cartel informativo que indique que se trata dunha obra subvencionada pola institución provincial*
 - e. *Facerse cargo dos carteis das obras que se realicen e da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía ou, en todo caso, tras a comprobación material realizada pola Deputación*
 - f. *No caso de obras en infraestruturas ou dotacións, o cartel colocarse ao carón do acceso principal; no caso de obras na infraestrutura viaria ou no seu subsolo, colocarse ao comezo da vía ou no seu entroncamento coa vía principal.*
 - g. *Nas instalacións deportivas colocarse un cartel de forma permanente sobre un soporte.*
 - h. *Nas subministracións que constitúan un investimento en si mesmo, debe pegarse nun sitio visible un adhesivo normalizado co logotipo da Deputación que inclúa o financiamento outorgado*
 - i. *No caso das Liñas 2 e 3, a publicidade débese facer mediante anuncios na táboa de edictos, na páxina web do concello ou na prensa local nos que se indique o financiamento da Deputación .*

En todo caso, o concello beneficiario deberá facer referencia expresa a que se trata de contratos financiados pola Deputación de Pontevedra, ao abeiro deste Plan, tanto nos anuncios da convocatoria dos procesos selectivos como en



todas as comunicacións e publicacións que se realicen por conta do concello, sexan estas internas ou externas.

No caso de que as persoas contratadas usen equipos de protección individual ou roupa de traballo uniformada, deberase incluír o logotipo da Deputación xa sexa mediante un bordado, impresión dixital ou serigrafía, que irá colocado na parte superior da uniformidade e sempre ben visible na zona dianteira sobre o peito e na parte do lombo cubrindo toda a anchura da súa parte superior”

No anexo II destas bases se recollerán as instrucións que con respecto á publicidade deben cumprir os investimentos e actuacións incluídas no Plan Concellos.

O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Décimo novena. Aplicación das baixas

De se produciren baixas na adxudicación dos contratos, o concello beneficiario como poder adxudicador deberallo comunicar á Deputación antes da súa aplicación.

A existencia e o importe da baixa poderanse determinar coa certificación final, unha vez xustificada o investimento e fiscalizada a documentación xustificativa coa conformidade da intervención provincial, ou co acordo de adxudicación (baixa teórica).

No caso dos investimentos que se tramiten como gastos plurianuais as baixas que se produzan, tanto as teóricas como as determinadas coa certificación final, se aplicarán proporcionalmente a cada anualidade respectando a porcentaxe de financiamento establecido para cada exercicio.

Non se poderán acumular o importe das baixas obtidas no exercicio 2022 coas obtidas no exercicio 2023. Así mesmo, non se poderá incrementar o importe das baixas co crédito procedente das modificacións das resolucións ou acordos de concesión de subvencións por cambios de finalidade ou destino nin co importe das descertificacións.

No caso de adhesión do Concello ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión do ciclo integral da auga, e no caso de que a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponde á Deputación non fose posible das cantidades asignadas no Plan Concellos 2022-2023 por estar a totalidade do gasto comprometido no financiamento de investimentos, a retención realizarase do importe das baixas, que non poderá ser utilizado nos proxectos nin dedicalo a novos investimentos.

A baixa poderá aplicarse no financiamento de novos investimentos, sempre e cando o importe individual ou acumulado da baixa no exercicio correspondente e do proxecto sexa igual ou



superior a dez mil (10.000,00) euros. Polo tanto, permítese a acumulación das baixas dun exercicio ata acadar o importe mínimo de dez mil (10.000,00) euros. En caso contrario, as baixas deben aplicarse no mesmo investimento, en particular, no financiamento dos honorarios de redacción do proxecto, da dirección de obra, da coordinación de seguridade e saúde ou de calquera outro gasto inherente á execución da obra, sempre e cando estes gastos non estean contemplados no acordo ou na resolución de concesión da subvención e fosen obxecto dunha contratación externa.

Tamén se poderá aplicar a baixa na minoración da achega municipal no caso dos investimentos cofinanciados.

Os aforros por liquidación pódense acumular ao importe das baixas.

A aplicación da baixa debe solicitarse expresamente, e no caso das asistencias técnicas e dos demais gastos inherentes á execución do investimento, chegarase a correspondente factura e a súa aprobación.

Cando os investimentos estean rematados na súa integridade e totalmente xustificadas, o custo das asistencias técnicas e/ou o custo que supón a minoración da achega municipal aboarase xunto coa certificación final, toda vez que esta última foi supervisada polas persoas facultativas técnicas de Cooperación e fiscalizada coa conformidade do Servizo de Intervención. Neste caso non será necesaria a autorización do reinvestimento da baixa polo órgano competente da Deputación con carácter previo ao pagamento.

No caso dun único proxecto que se adxudique por lotes, o importe da baixa será o acumulado dos lotes.

Cando varios proxectos se liciten nun único procedemento e nun único lote, o importe da baixa será o acadado na adxudicación do contrato. Non obstante, no caso de que varios proxectos se liciten nun procedemento único en varios lotes, a baixa que se deberá reinvestir será a acumulada dos lotes.

– Baixas teóricas para a seu reinvestimento en novas obras

Permítese que o Concello poida pedir o reinvestimento das baixas producidas coa adxudicación do contrato sen necesidade de esperar a certificación final e a xustificación total do investimento. Para isto, o órgano de contratación deberá comprometerse expresamente a financiar, con fondos propios do Concello, os incrementos de custo derivados da posible tramitación dun modificado ou dun exceso de medición. As baixas teóricas determinadas coa adxudicación dos investimentos deben ser reinvestidas na súa totalidade.

No caso das obras plurianuais a baixa aplicarase proporcionalmente a cada exercicio de acordo coa porcentaxe de financiamento establecido para cada anualidade.

Para que a baixa ou as baixas acumuladas acadadas na adxudicación dun contrato se poida aplicar no financiamento dun novo investimento plurianual, o importe da baixa teórica obtida debe ser igual o superior a cen mil (100.000,00) euros, no caso contrario, deberanse tramitar como gasto anual polo importe das baixas correspondentes a cada anualidade.



Para a tramitación destas baixas esixírase:

- *Petición expresa por parte do Concello*
- *Acordos de adxudicación dos contratos*
- *Compromiso do órgano de contratación conforme se asumen con fondos propios do Concello as incidencias que poidan dar lugar a un incremento do custo da obra principal (modificados ou excesos de medición)*
- *Documentación dos novos proxectos que se pretenden financiar conforme ao establecido na base 12ª*

O reinvestimento das baixas teóricas requirirá a autorización expresa da Deputación, cuxo trámite interno se axustará ao seguinte procedemento:

- *Resolución Presidencial pola que se deixa en dispoñible o crédito previamente comprometido para o financiamento do/s novo/s investimento/s que pretende acometer o Concello. Con carácter excepcional atribúese á Presidencia a competencia para resolver, a fin de axilizar a tramitación destes expedientes*
- *Informe favorable de supervisión dos proxectos que se financian coa aplicación das baixas teóricas*
- *Informe favorable da xefa do Servizo de Cooperación*
- *Informe favorable de Intervención*
- *Resolución ou acordo do órgano competente da Deputación que autoriza o reinvestimento da baixa no/s novo/s investimento/s*
- ***Baixas definitivas para o seu reinvestimento en novas obras***

O Concello poderá solicitar a aplicación da baixa constatada coa certificación final do investimento subvencionado para a súa aplicación no financiamento da obra que estime conveniente. A estes efectos, teñen a consideración de baixas definitivas as constatadas coa certificación final do investimento unha vez que esta foi fiscalizada coa conformidade da intervención provincial.

No caso das obras plurianuais a baixa aplicarase proporcionalmente a cada exercicio de acordo coa porcentaxe de financiamento establecido para cada anualidade.

Para a tramitación destas baixas esixírase:

- *Petición expresa por parte do Concello*
- *Documentación dos novos proxectos que se pretenden financiar conforme ao establecido na base 12ª*

O reinvestimento destas baixas requirirá a autorización expresa da Deputación, cuxo trámite interno se axustará ao seguinte procedemento:

- *Informe favorable de supervisión dos proxectos que se financian coa aplicación das baixas.*



- *Informe favorable da xefa do Servizo de Cooperación*
- *Informe favorable de Intervención*
- *Resolución ou acordo do órgano competente da Deputación que autoriza o reinvestimento da baixa nos novos investimentos*

Por último, todos os trámites administrativos que os concellos deban realizar durante a tramitación do procedemento de aplicación de baixas deberán realizarse electronicamente a través do modelo “Instancia xenérica” dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Vixésima. Excesos de medición e modificación dos contratos

Se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar un proxecto modificado.

Para a tramitación do modificado o Concello deberá achegar:

- *A petición da entidade municipal na que se solicita a tramitación do proxecto modificado*
- *O proxecto modificado*
- *O acordo de adjudicación do investimento e, de ser o caso, o contrato*
- *O informe da directora ou director de obra*
- *A aprobación do proxecto modificado polo órgano de contratación*

A conformidade ao proxecto modificado pola Deputación esixirá un trámite interno que se axustará ao seguinte procedemento:

- *Supervisión do proxecto modificado polas persoas facultativas técnicas de Cooperación*
- *Informe da xefa do Servizo de Cooperación*
- *Informe favorable de Intervención provincial*
- *Autorización do modificado polo órgano competente da Deputación*

Admitiranse a trámite modificacións que se poidan financiar co importe das baixas de adjudicación, de tal forma que o Concello, se o solicita expresamente, pode empregar a baixa no financiamento do proxecto modificado; será necesaria a autorización expresa do órgano competente da Deputación.

No caso de que a baixa de adjudicación non sexa suficiente para financiar o proxecto modificado, por producirse un incremento do orzamento, o concello deberá achegar un informe favorable da Intervención municipal ou o compromiso do seu financiamento.



O exceso de medicións, entendendo por tal a variación que durante a correcta execución da obra se produza exclusivamente no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, e sempre e cando non representen un incremento do gasto superior do 10 % do prezo do contrato inicial, será recollido na certificación final e acompañarase do informe da directora ou director da obra ao respecto.

O Concello, se o estima oportuno, pode aplicar a baixa obtida na adxudicación do contrato no financiamento do exceso de medición, pero deberá comunicalo previamente.

Os excesos de medición que se financien contra a baixa de adxudicación serán aboados unha vez sexa supervisada a certificación final polas persoas facultativas técnicas de Cooperación e fiscalizada polo Servizo de Intervención; non será necesario, con carácter previo, a autorización do reinvestimento polo órgano competente da Deputación.

As revisións de prezos, cando supoñan un incremento dos custos, correrán a cargo do crédito do Concello, do mesmo xeito que os custos a maiores que poidan xerar as prórrogas e suspensións temporais na execución dos contratos. Ase mesmo, calquera outro incremento que se derive da execución da obra, distinto dos supostos enunciados ata o de agora, deberá ser financiado integramente polo concello, e certificarse de forma separada do resto do proxecto, sen que sexa necesaria a súa presentación nesta Deputación por corresponderlle ao concello o seu financiamento.

Por último, todos os trámites administrativos que os concellos deban realizar durante a tramitación dos proxectos modificados e dos excesos de medición deberán realizarse electronicamente a través do modelo "Instancia xenérica" dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Vixésimo primeira. Xustificación da subvención

21.1 Normas xerais

Todas as finalidades subvencionadas deben xustificarse totalmente nos prazos sinalados segundo a natureza das distintas liñas de subvención, conforme se dispón nestas bases.

A xustificación da subvención realizarase coa achega de xustificantes de gasto, certificacións, facturas e a demais documentación xustificativa, segundo o previsto nesta base. A non xustificación ou a xustificación fóra de prazo dará lugar á perda ao dereito ao cobro da subvención correspondente.

O pagamento das subvencións efectuarase previa comprobación por parte dos servizos de Cooperación e Intervención e dos servizos técnicos provinciais, no caso de proceder, de que se realizou o gasto para o fin e polo importe subvencionado e, ademais, de que se cumpriu coa finalidade e o obxecto da subvención; emitirase como resultado un informe con carácter previo á proposta de aprobación da xustificación. Así mesmo, poderánselles solicitar informes a outros servizos da Deputación competentes en razón da materia.



O pagamento das subvencións farase de acordo coa porcentaxe de subvención determinada na fase de concesión. No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao orzamento que se tivo en conta para a concesión o pagamento das subvencións reducirase proporcionalmente.

A documentación xustificativa, certificacións de obra e facturas deberán cumprir as esixencias establecidas na normativa vixente en cada momento e de modo particular o disposto no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación.

Tamén se deberá acreditar que o Concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100 % do seu importe.

A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación axustarase ás normas particulares para cada tipoloxía de investimento segundo o indicado na base 18ª sobre obrigas dos beneficiarios, no anexo II e nesta mesma base. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica. A este respecto, a Deputación poderá comprobar, en calquera momento, se se fixo a publicidade da subvención concedida nos termos previstos nestas bases e, de non ser así, non se procederá ao libramento desta.

21.2 Prazos e lugar de presentación

A documentación xustificativa presentarase obrigatoriamente na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, de acordo co procedemento electrónico establecido para o efecto.

As subvencións outorgadas xustificaranse nos prazos correspondentes en función da tipoloxía das finalidades subvencionables:

- **Liña 1:** todos os investimentos, incluídos aqueles que se produzan como consecuencia da aplicación das baixas, deberán estar executados e xustificados consonte se reflicte deseguido:
 - **Investimentos incluídos na anualidade 2022:** executados a 31 de decembro de 2023, e xustificados na súa totalidade o 31 de marzo de 2024
 - **Investimentos incluídos na anualidade 2023:** executados o 31 de decembro de 2024, e xustificados na súa totalidade o 31 de marzo de 2025
- **Liña 2. Amortización de débeda con entidades financeiras, pagamento de acredores de gasto corrente e de investimentos:** o prazo para efectuar o pagamento é dun mes desde o cobramento da subvención e para presentar a xustificación se establece un prazo ata o 30 de novembro de 2022.
- **Liña 2. Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e gasto corrente derivado da realización de actividades culturais, sociais, deportivas, turísticas, etc. ata o 31 de marzo de 2023**
- **Liña 3:** segundo os prazos particulares indicados de maneira específica no apartado de documentación xustificativa que se debe presentar



21.3 Documentación

21.3.1 Liña 1. Investimentos

O pagamento ao Concello do importe da subvención realizarase á vista das certificacións de execución das obras nos modelos normalizados da Deputación, ou similares, ou facturas das subministracións aprobadas polo órgano municipal competente. O Concello poderá presentar xustificacións parciais que se axusten ao ritmo de execución do investimento.

- *Coa primeira certificación ou factura achegárase a seguinte documentación:*
 - *A certificación de obra no modelo normalizado da Deputación, ou similar, e a factura polas obras ou as facturas de subministracións*
 - *O acordo municipal de aprobación da certificación de obra ou da factura correspondente.*
 - *A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato, cando sexa necesario*
 - *Nos casos nos que sexa obrigatorio, o contrato*
 - *En función da tipoloxía do investimento, o nomeamento da asistencia técnica á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde e, no seu caso, os contratos ou acordos de adxudicación*
 - *A acta de comprobación de replanteo, no caso de que sexa necesaria*
 - *A acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación mediante fotografías do cartel de obra ou do adhesivo normalizado no caso de subministracións*
 - *O certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se faga constar que, da consulta da documentación que obra no expediente e/ ou da contabilidade ao seu cargo, non se recibiron outras axudas para a finalidade subvencionada. No caso de recibilas, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da actividade subvencionada*
 - *Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente no que se sinala que, segundo a tipoloxía do contrato, se respectaron os requisitos mínimos que para cada procedemento se establece na lexislación de contratos.*
 - *O acordo ou resolución de aprobación do proxecto, documento técnico ou memoria valorada e a/s copia/s da/s autorización/s sectorial/is que correspondan cando a concesión da subvención quedou condicionada á aprobación do proxecto e á obtención de autorizacións sectoriais.*
- *As certificacións nos modelos normalizados, ou similares, ou facturas seguintes acompañaranse do acordo municipal de aprobación das certificacións ou facturas correspondentes*
- *Coa última certificación ou factura achegárase:*
 - *Certificación de obra no modelo normalizado ou similar, e factura polas obras ou facturas de subministracións*



- *Acordo municipal de aprobación da certificación de obra ou da factura correspondente*
- *Informe final do/a director/a de obra.*
- *Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente no que se sinala que, segundo a tipoloxía do contrato, se respectaron os requisitos mínimos que para cada procedemento se establece na lexislación de contratos.*
- *De producirse a tramitación dun modificado, a certificación expedida pola persoa funcionaria competente de que a súa tramitación foi consonte a Lei de contratos.*
- *De ser necesaria, acta de recepción no modelo normalizado. A persoas asinantes estarán debidamente identificadas coa expresión do seu cargo*
- *Acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación mediante fotografías do cartel de obra ou do adhesivo normalizado no caso das subministracións*
- *O certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se faga constar que, da consulta da documentación que obra no expediente e/ ou da contabilidade ao seu cargo, non se recibiron outras axudas para a finalidade subvencionada. No caso de recibilas, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da actividade subvencionada*

No caso dos investimentos que se adxudiquen mediante contratos menores definidos no artigo 118 da LCSP, só se esixirá a resolución ou a certificación do acordo/decreto da aprobación do gasto e a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos (especialmente en canto á esixencia de detallar as unidades, os prezos unitarios etc.) que se recollen nos artigos 6 e seguintes do Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación. Na factura deberá constar o recibido e conforme da ou do funcionario municipal encargado da comprobación material, con identificación do seu nome, cargo e sinatura. Este trámite constituirá a constatación do cumprimento do contrato. Así mesmo, achegarase calquera outra documentación que puidese resultar esixible segundo a natureza do gasto.

A documentación xustificativa será comprobada polos servizos de Cooperación e Intervención da institución provincial. As actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución dos investimentos por parte dos servizos técnicos da Deputación provincial, que verificarán as certificacións de obras e facturas remitidas. Esta comprobación material do investimento é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo. Así mesmo, poderánselles solicitar informes a outros servizos da Deputación competentes en razón da materia.

En todo caso, a Deputación, en virtude das facultades que ten atribuídas, resérvase as facultades de inspección e comprobación das obras.

21.3.2 Liña 2. Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes



Para a xustificación das axudas concedidas con cargo a esta liña achegarse con carácter xeral un certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente, no que se faga constar:

- Que, da consulta da documentación que obra no expediente e/ou da contabilidade ao seu cargo, non se recibiron outras subvencións ou axudas para a finalidade subvencionada. No caso de recibilas, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da actividade subvencionada*
- Que os xustificantes de gasto relacionados na conta xustificativa se corresponden cos gastos que figuran no acordo de concesión da subvención e que se procedeu ao recoñecemento da obriga de gasto correspondente dándose cumprimento á finalidade para a que se concedeu a subvención*
- Que os correspondentes xustificantes de gasto constan no expediente administrativo e que están a disposición da Deputación para o seu exame se así o solicitara.*
- Que, segundo sinala o informe da técnica ou técnico municipal, se lle deu difusión á subvención obtida polo que se deu cumprimento ás obrigas de difusión como esixen as bases.*

No informe detallaranse os medios nos que se deu publicidade. En canto ao Técnico municipal que subscribe o informe debe ter competencia na materia.

Igualmente, en función da modalidade concreta dentro desta liña de subvención para a que solicitou a axuda, achegarse tamén:

Amortización de débeda con entidades financeiras

A Deputación transferiralle ao Concello a cantidade solicitada para esta finalidade unha vez aprobada a concesión da subvención. Para a súa xustificación achegarse:

- Certificación da persoa funcionaria competente que acredite o pagamento/amortización da débeda e data de pagamento*

Só se terán en conta os pagamentos que se axusten aos mesmos conceptos que se incluíron na solicitude de subvención. Para estes efectos o importe xustificado calcularase sumando exclusivamente a contía dos conceptos subvencionados, sen ter en conta outros pagamentos.

No caso de que o Concello non xustifique a amortización da débeda coa entidade financeira, xustifique un importe inferior á cantidade transferida pola Deputación ou non presente a documentación xustificativa no prazo sinalado, iniciárase o procedemento de reintegro da cantidade que corresponda.

Pagamento de acredores de gasto corrente e de investimentos

A Deputación transferiralle ao Concello a cantidade solicitada para esta finalidade unha vez aprobada a concesión da subvención. Para a súa xustificación achegarse:



- *Certificación da persoa funcionaria pública competente que acredite a aprobación do gasto e o pagamento realizado aos acredores/provedores e na que se acredite, tamén, a data de pagamento*

Só se terán en conta os pagamentos que se axusten aos mesmos conceptos que se incluíron na solicitude de subvención. Para estes efectos o importe xustificado calcularase sumando exclusivamente o importe dos conceptos subvencionados, sen ter en conta outros pagamentos.

No caso de que o Concello non xustifique o pagamento das débedas, xustifique un importe menor á cantidade transferida pola Deputación ou non presente a documentación xustificativa no prazo sinalado, iniciarase o procedemento de reintegro da cantidade que corresponda.

Gasto corrente

No caso do gasto corrente, incluído aquel que se produza como consecuencia da realización ou organización de actos sociais, culturais, deportivos etc., só procederá pagar a subvención despois de presentar a xustificación:

- *Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo (identificando o acredor e o documento, o importe, a data de emisión e, se é posible, a data na que se pagou.*
- *Facturas polo importe da subvención concedida*
- *Acordo de aprobación das facturas polo órgano competente do Concello*

A xustificación deberá axustarse aos conceptos que se inclúen na memoria que serviu de referencia para a concesión da subvención; admitirase unha desviación máxima do 20 % no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada.

Só se terán en conta os pagamentos que se axusten aos mesmos conceptos que se incluíron na solicitude de subvención. Para estes efectos o importe xustificado calcularase sumando exclusivamente o importe dos conceptos subvencionados e co límite da desviación máxima do 20 %, sen ter en conta outros pagamentos ou os excesos sobre o límite referido.

No caso de que se xustifique un custo total menor ou de non axustarse a xustificación aos conceptos incluídos na correspondente memoria, o pagamento da subvención minorarase proporcionalmente.

Non obstante, se tras a correcta xustificación do gasto incluído nesta liña resultase un sobranse que individual ou de forma acumulada supoña un importe igual ou superior a mil (1.000,00) euros, o Concello poderá empregalo no financiamento dunha nova actuación sempre que se solicite antes do 1 de novembro de 2022 e achegue a documentación que se sinala na base 12ª. Non se poderán acumular o importe das descertificacións.

21.3.3 Liña 3. Conservación e funcionamento de bens e servizos municipais

O pagamento da subvención farase efectivo da seguinte forma:



- *O 50 % ao inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional*
- *O 50 % restante ao finalizar a metade do prazo de duración do contrato, previa achega do documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente sobre a continuidade da actividade, no que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin do contrato*

Co fin de efectuar un seguimento adecuado da execución dos proxectos subvencionados, a entidade beneficiaria, ademais do anterior, deberá presentar a través da sede electrónica da institución provincial a seguinte documentación xustificativa no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da finalización da actividade realizada:

- *Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas*
- *Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases*
- *Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada; quedarán á disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberán concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo Concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial*

Vixésimo segunda. Protección de datos

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.



Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

CAPÍTULO IV. REINTEGRO

Vixésimo terceira. Reintegro

Procederase ao reintegro das subvencións outorgadas en conformidade con estas bases nos termos fixados na normativa de subvencións e, de modo particular, nos artigos 36 e seguintes da LXS.

Será causa de reintegro na contía correspondente á achega da Deputación a non comunicación por parte do Concello da adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión do ciclo integral da auga.

Anexos da convocatoria e modelos de presentación da documentación

No ANEXO I refírense os datos empregados para o cálculo das cantidades correspondentes a cada concello.

No ANEXO II inclúiranse todas as indicacións con respecto á publicidade da Liña 1

Todos os anexos referidos nestas bases e os modelos normalizados para as solicitudes destas subvencións facilitaranse a través da sede electrónica da Deputación, <https://sede.depo.gal>.



ANEXO I: DATOS EMPREGADOS PARA O CÁLCULO DAS CONTÍAS ASIGNADAS AOS CONCELLOS

REPARTO POR DENSIDAD	TIPO 1			TIPO 2			TIPO 3		
	IMPORTE CONCELLO	CONCELLOS	TOTAL	IMPORTE CONCELLO	CONCELLOS	TOTAL	IMPORTE CONCELLO	CONCELLOS	TOTAL
1 1 a 100 hab/km2	33.648,65	22	740.270,30	39.107,14	0	0,00	45.250,00	2	90.500,00
2 101 a 200 hab/km2	30.648,65	9	275.837,85	36.107,14	2	72.214,28	42.250,00	1	42.250,00
3 201 a 300 hab/km2	27.648,65	4	110.594,60	33.107,14	2	66.214,28	39.250,00	0	0,00
4 301 a 400 hab/km2	24.648,65	0	0,00	30.107,14	4	120.428,56	36.250,00	1	36.250,00
5 401 a 500 hab/km2	21.648,65	1	21.648,65	27.107,14	2	54.214,28	33.250,00	0	0,00
6 501 a 600 hab/km2	18.648,65	0	0,00	24.107,14	4	96.428,56	30.250,00	1	30.250,00
7 601 a 700 hab/km2	15.648,65	0	0,00	21.107,14	0	0,00	27.250,00	2	54.500,00
8 701 a 800 hab/km2	12.648,65	1	12.648,65	18.107,14	0	0,00	24.250,00	0	0,00
9 801 a 900 hab/km2	9.648,65	0	0,00	15.107,14	0	0,00	21.250,00	1	21.250,00
10 901 a 1.000 hab/km2	6.648,65	0	0,00	12.107,14	0	0,00	18.250,00	0	0,00
		37			14			8	
INCREMENTO POR TRAMO	3.000,00			3.000,00			3.000,00		
IMPORTE INICIAL DE TRAMO	6.648,65			12.107,14			18.250,00		

Plan Concellos 2022-2023



DATOS REPARTO

	565.456	4.267,20	1.971
CONCELLO	POBOACIÓN	SUPERFICIE	NÚCLEOS
<i>Agolada</i>	2.304	147,85	57
<i>Arbo</i>	2.576	42,93	49
<i>Baiona</i>	12.129	34,47	39
<i>Barro</i>	3.623	37,64	15
<i>Bueu</i>	11.950	30,84	12
<i>Caldas de Reis</i>	9.775	68,16	31
<i>Cambados</i>	13.721	23,44	45
<i>Campo Lameiro</i>	1.778	63,77	8
<i>Cangas</i>	26.582	38,08	28
<i>Cañiza, A</i>	5.122	107,46	11
<i>Catoira</i>	3.331	29,44	25
<i>Cerdedo-Cotobade</i>	5.697	214,53	72
<i>Covelo</i>	2.368	125,31	15
<i>Crecente</i>	1.994	57,46	27
<i>Cuntis</i>	4.665	79,85	51
<i>Dozón</i>	1.073	74,23	21
<i>Estrada, A</i>	20.351	280,77	154
<i>Forcarei</i>	3.308	168,39	39
<i>Fornelos de Montes</i>	1.598	83,10	13
<i>Gondomar</i>	14.702	74,51	6
<i>Grove, O</i>	10.518	21,89	22
<i>Guarda, A</i>	10.025	20,50	24
<i>Illa de Arousa, A</i>	4.932	6,92	1
<i>Lalín</i>	20.207	326,83	126
<i>Lama, A</i>	2.397	111,76	46
<i>Marín</i>	24.242	36,68	6
<i>Meaño</i>	5.322	27,80	33
<i>Meis</i>	4.754	52,39	9
<i>Moaña</i>	19.452	35,06	9
<i>Mondariz</i>	4.410	85,12	23
<i>Mondariz-Balneario</i>	637	2,30	1
<i>Moraña</i>	4.147	41,34	36
<i>Mos</i>	15.063	53,21	14
<i>Neves, As</i>	3.803	65,50	91
<i>Nigrán</i>	17.745	34,77	24
<i>Oia</i>	3.049	83,30	22
<i>Pazos de Borbén</i>	2.965	49,99	6
<i>Poio</i>	17.073	33,93	41
<i>Ponte Caldelas</i>	5.533	87,00	30
<i>Ponteareas</i>	22.940	125,56	30
<i>Pontecesures</i>	3.053	6,69	8



<i>Porriño, O</i>	<i>20.100</i>	<i>61,22</i>	<i>18</i>
<i>Portas</i>	<i>2.906</i>	<i>22,62</i>	<i>8</i>
<i>Redondela</i>	<i>29.241</i>	<i>52,08</i>	<i>20</i>
<i>Ribadumia</i>	<i>5.105</i>	<i>19,68</i>	<i>19</i>
<i>Rodeiro</i>	<i>2.393</i>	<i>154,90</i>	<i>50</i>
<i>Rosal, O</i>	<i>6.289</i>	<i>44,13</i>	<i>45</i>
<i>Salceda de Caselas</i>	<i>9.173</i>	<i>35,92</i>	<i>42</i>
<i>Salvaterra de Miño</i>	<i>9.990</i>	<i>62,54</i>	<i>67</i>
<i>Sanxenxo</i>	<i>17.414</i>	<i>45,08</i>	<i>62</i>
<i>Silleda</i>	<i>8.861</i>	<i>167,96</i>	<i>51</i>
<i>Soutomaior</i>	<i>7.426</i>	<i>24,99</i>	<i>5</i>
<i>Tomiño</i>	<i>13.566</i>	<i>106,61</i>	<i>63</i>
<i>Tui</i>	<i>17.323</i>	<i>68,32</i>	<i>10</i>
<i>Valga</i>	<i>5.824</i>	<i>40,64</i>	<i>45</i>
<i>Vila de Cruces</i>	<i>5.208</i>	<i>154,96</i>	<i>73</i>
<i>Vilaboa</i>	<i>5.919</i>	<i>36,89</i>	<i>4</i>
<i>Vilagarcía de Arousa</i>	<i>37.565</i>	<i>44,24</i>	<i>66</i>
<i>Vilanova de Arousa</i>	<i>10.239</i>	<i>33,65</i>	<i>3</i>

ANEXO II: DIMENSIONS CARTEIS DE OBRAS, SUBMINISTROS E UNIFORMIDADE OU EPIS DA LIÑA 3

Tipografías corporativas



DIN Bold

ab**AB01**

DIN Regular

ab**AB01**

Cores corporativas

 **PANTONE 7420 C**
CMYK: 13/100/54/30
RGB: 155/34/66
RAL 3027

 **PANTONE COOL GRAY 9 C**
CMYK: 30/22/17/57
RGB: 117/120/123
RAL 9023

 **DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA**

Tintas planas
PANTONE solid-coated

 Pantone 1788 C	 Pantone 214 C
 Pantone 7406 C	 Pantone 1375 C
 Pantone 7738 C	 Pantone 7563 C
 Pantone 711 C	 Pantone 7741 C
 Pantone 179 C	 Pantone 7689 C
 Pantone 298 C	 Pantone 360 C
 Pantone 143 C	 Pantone 641 C
 Pantone 7420 C	 Pantone 7477 C
 Pantone 7578 C	



Cartel de obra

O cartel das obras terá o deseño que se amosa a continuación e deberán empregar un sistema de sostemento de aluminio con dous postes verticais:





**DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA**  **AXENDA
2030**

PLAN CONCELLOS 2022 - 2023

Denominación da actuación
TERMO MUNICIPAL

Prazo de execución:
Orzamento:
Axuda da Deputación:
Empresa adxudicataria:

En función do importe do proxecto empregaremos os seguintes tamaños:

Zona rural:

Obras superiores a 2.000.000 €: cartel de obra cunha medida 3 x 2m.

Obras inferiores a 200.000 €: cartel de obra cunha medida 2 x 1.3m.

Zona urbana:

Obras superiores a 2.000.000 €: cartel de obra cunha medida 2 x 1.3m.

Obras superiores a 80.000 €: cartel de obra cunha medida 1.80 x 1.2m.

Obras superiores a 40.000 €: cartel de obra cunha medida 1.60 x 1.1m.

Obras inferiores a 40.000 €: cartel de obra cunha medida 1.40 x 0.9m.

Cartel de obra cofinanciada

O cartel das obras terá o deseño que se amosa a continuación e deberán empregar un sistema de sostemento de aluminio con dous postes verticais:



PLAN CONCELLOS 2022 - 2023
Nome da actuación TERMO MUNICIPAL
Prazo de execución: Orzamento: Axuda da Deputación: Empresa adxudicataria:
 DEPUTACIÓN PONTEVEDRA  AXENDA 2030  Logotipo

En función do importe do proxecto empregaremos os seguintes tamaños:

Zona rural:

Obras superiores a 2.000.000 €: cartel de obra cunha medida 3 x 2m.

Obras inferiores a 200.000 €: cartel de obra cunha medida 2 x 1.3m.

Zona urbana:

Obras superiores a 2.000.000 €: cartel de obra cunha medida 2 x 1.3m.

Obras superiores a 80.000 €: cartel de obra cunha medida 1.80 x 1.2m.

Obras superiores a 40.000 €: cartel de obra cunha medida 1.60 x 1.1m.

Obras inferiores a 40.000 €: cartel de obra cunha medida 1.40 x 0.9m.

Cartel de obra para equipamentos

Estes carteis serán mais pequenos. Colocaranse nas fachadas ou no interior de edificios. Empregaranse placas sobre metacrilato e aparafusadas mediante catro parafusos. Sobre esta placa poderase colocar un vinilo adhesivo.

As dimensión destes carteis será o de A3 (29,7 x 42cm)





 **DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA**  **AXENDA
2030**

PLAN CONCELLOS 2022 - 2023

Denominación da actuación
TERMO MUNICIPAL

Prazo de execución:
Orzamento:
Axuda da Deputación:
Empresa adxudicataria:

Cartel de vehículos

Neste caso o cartel será de tipo rotulado sobre os laterais do vehículo. O tamaño será como mínimo do 20% do lateral do vehículo.







Cartel de mobiliario

O cartel estará conformado en formato adhesivo vinílico e o tamaño será como mínimo de 10 x 5cm. As esquinas serán redondeadas.



Rotulación uniformidade ou EPIS

No caso de que as persoas contratadas usen equipos de protección individual ou roupa de traballo uniformada, deberase incluír o logotipo da Deputación xa sexa mediante un bordado, impresión dixital ou serigrafía, que irá colocado na parte superior da uniformidade e sempre ben visible na zona dianteira sobre o peito e na parte do lombo cubrindo toda a anchura da súa parte superior.



O tamaño será como mínimo de 10 x 5cm. As esquinas serán redondeadas.

2ª.- ORDENAR a publicación destas bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <https://sede.depo.gal>.

A secretaria da Comisión Informativa de Cooperación, Cooperación Transfonteirza e cohesión social

Marina Piñeiro Novo

(Documento asinado electronicamente á marxe)"

Sometido a votación, a Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, ditamina favorablemente este asunto, cos votos a favor dos deputados do Grupo Provincial do PSdG-PSOE (8) e do Grupo Provincial do BNG (2), e a abstención dos deputados do Grupo Provincial do Partido Popular (7).

7.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e dez minutos, do que, como secretaria, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A Secretaria da Comisión,
(documento asinado electronicamente)

Marina Piñeiro Novo

